

*Centenario das Irmandades da Fala*

***Tempo das  
Irmandades.  
Antoloxía  
de poesía***

*Edición de Xosé Ramón Pena*




REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



*Antoloxías  
da Academia*  
4





***Tempo das Irmandades.  
Antoloxía de poesía***

**100**

IRMANDADES DA FALA  
CENTENARIO



© da introdución, edición e notas  
Xosé Ramón Pena

© da presente edición  
Real Academia Galega

Deseño da colección  
Pepe Barro

Maquetación e impresión  
Mazaira grafismo, sl

ISBN: 978-84-87987-98-4

D.L.: C 2073-2016





***Tempo das Irmandades.  
Antoloxía de poesía***

*Xosé Ramón Pena*

*Introdución, edición e notas*







## ÍNDICE

- 13 *Prólogo*
- 19 *Antonio Noriega Varela***
- 21 1. *Teño amores de montaña*  
23 2. *E porque é tan lugués*  
24 3. *Pasa un vermiño*  
25 4. *As froliñas dos toxos*  
26 5. *Galernazo*  
27 6. *Laverquiña...*  
28 7. *Toda humilde beleza*  
29 8. *Pombiña brava*  
30 9. *Fillo do corazón*  
31 10. *A Saudade*  
33 11. *Auguiña fresca*  
34 12. *Musa queiroguenta*
- 35 *Xosé Crecente Vega***
- 37 1. *A miña aguillada*  
39 2. *Sinxelezas*  
40 3. *Chorimas*  
41 4. *A unha fontiña*
- 45 *Ramón Cabanillas***
- 47 1. *A princesa roiba (“Reza un merlo no souto”)*  
49 2. *O vello que foi ladrón*  
52 3. *1921!*  
53 4. *Na taberna*  
54 5. *Mentres cai a neve*  
58 6. *Da traxedia de Pierrot*  
62 7. *Acción Gallega*  
64 8. *Camiño longo*  
66 9. *Pombas feridas*  
69 10. *A trainera*

- 75 11. *Meu carriño!*  
78 12. *Camiño adiante*  
80 13. *En pé!*  
82 14. *Probiña da tola!*  
89 15. *A espada Escalibor*  
99 16. *A rosa de cen follas*  
102 17. *O fillo de Celt*  
108 18. *Immolat Deo Patri*  
110 19. *O craustro*  
117 20. *O río e as nereidas*

**121**      **Gonzalo López Abente**

- 123 1. *A furna*  
125 2. *Muxía*  
126 3. *O meu mar*

**129**      **Victoriano Taibo**

- 131 1. *Peneira a vella*  
133 2. *Místico amor*  
135 3. *Dos labios non te fies*

**137**      **Luís Amado Carballo**

- 139 1. *Solpor*  
141 2. *Noite mareira*  
142 3. *A Candeloria*  
144 4. *O cruceiro*  
145 5. *Taberna*  
146 6. *Nocturno de Burgo Baixo*  
147 7. *S-6*  
149 8. *Calma chicha*  
150 9. *Beira*  
151 10. *Outa mar*

**153**      **Euxenio Montes**

- 155 1. *Cántiga de espadelada*  
156 2. *Namoro*  
157 3. *Morte*  
158 4. *Río*  
159 5. *Adeus*

- 161**     **Manuel Luís Acuña**  
163     1. *Gris*  
164     2. *Aldea*  
165     3. *Foi, era...*  
166     4. *Regueifa*  
168     5. *Arela*
- 169**     **Eduardo Blanco Amor**  
171     1. *Primavera*  
172     2. *Descordo*  
173     3. *Cantigas a un amor novo*  
174     4. *Sino*  
176     5. *Mascato*
- 179**     **Xosé Otero Espasandín**  
181     1. *Poemas*  
182     2. *Aldea do monte*
- 183**     **Roberto Blanco Torres**  
185     1. *Orballo*  
187     2. *Postulación da ética*
- 189**     **Fermín Bouza Brey**  
191     1. *Lelías ao teu ouvido*  
193     2. *Triades no mar e na noite*  
195     3. *Teño unha estrela*  
197     4. *Tenzón co malvís amigo*  
198     5. *Parranda mariñeira*
- 201**     **Manuel Antonio**  
203     1. *Mariñeiro da ría*  
205     2. *Excelsior*  
206     3. *Poemas do faro II*  
207     4. *A fragata vella*  
209     5. *Os cóbados no barandal*  
210     6. *Sós*  
212     7. *Guarda de 12 a 4*  
214     8. *Recalada*  
216     9. *Navy Bar*

- 218 10. *A estrela desconecida*  
220 11. *Calma de 6 a 8*  
222 12. *Descoberta*  
223 13. *Adeus*  
225 14. *Cantar da noite*  
226 15. *Esta mañán oitimista*  
227 16. *Chamada*

**229**     **Álvaro Cunqueiro**

- 231 1. *Tamén o mar, hoxe*  
232 2. *E cómo doi a luz*  
233 3. *Non coñeces o mar?*  
234 4. *No sono do cuco novo*  
236 5. *Hai unha illa louvada*  
237 6. *No niño novo do vento*  
238 7. *Ven e verás como soñan na mar*  
239 8. *Limiar*  
240 9. *Ela. Poema 1*  
241 10. *Noivado IV*

**243**     **Federico García Lorca**

- 245 1. *Madrigal á cibdá de Santiago*  
246 2. *Cantiga do neno da tenda*  
248 3. *Noiturnio do adoescente morto*  
250 4. *Danza da lúa en Santiago*

**253**     *Referencias*



# ***Prólogo***

*Xosé Ramón Pena*





**P**or máis que semelle ben que se trate dun recurso tópico, como responsábel da presente antoloxía, entendo aínda que, malia tal tropezo, constitúe toda unha obriga acudir na procura dunha *captatio benevolentiae* por parte de todos aqueles que se vaian achegar onde as presentes páxinas.

Escrito está, desde logo, que unha antoloxía pode mesmo ofrecer máis datos arredor do propio antólogo que de calquera dos autores por el escolmados. Non obstante, incluso considerando que tal sexa verdade (en parte), certo é, asemade, que se trata dunha proxección de tintes deprimentes, situada nesa mesma liña que afirma aquilo de “tradutor, traidor”: en todo caso unha traslación demasiado literal do “traduttore, traditore” xa que, se ás veces si acontece que a tradución traizoa, ou pode ser traizoeira, nin sempre a deslealdade aniña no ánimo de quen se encarga daquel –ao cabo, indefectíbel– oficio.

Pois ben; queiran considerar os lectores da obra presente que tampouco o desleixamento –nin a incuria ou a preguiza– foron pousar no meu folgo en ningún momento durante a confección do labor que agora se entrega. Xa que logo, se nel fosen atopar pexas ou estorbos, interpreten que os tales proceden dunha incompetencia previa, pero nunca de calquera sorte de desatención, prexuízo consciente ou reserva estética (ou doutra índole). Antes ben, no meu afán á luz do día, busquei arreo e de boa arela conciliar o criterio propio con esoutra tradición da historia das nosas letras: se as antoloxías deveñen necesarias, iso ha de ser –polo menos, na estima de quen axeitou a presente– porque buscan sancionar

e ratificar, configuran a aposta por un canon arbitrario e persoal, mais froito dun método e dun modelo de lectura.

Lectura atenta dos esforzos precedentes; afán de coherencia; representatividade dos textos escollidos e, en fin, aceptación do azar –príncipe de toda escolma–: velaí os criterios fundamentais que me guiaron. Con alicerce neles, a organización dos materiais orientouse, entón, no proceso das diferentes respostas que os diferentes autores viñeron dar ao chamamento de renovación e posta ao día da nosa literatura lanzado desde os sectores máis dinámicos das Irmandades da Fala.

Nin que dicir ten, as solucións ofrecidas foron diversas: houbo, dunha parte, quen considerou que, mais que calquera especie de apertura á modas alleas/”alleepiras”, do que se trataba era de volver os ollos cara ao –mellor– pasado e tentar beber de novo naquela fonte limpa. Velaí, polo tanto, a andaina poética representada por Antonio Noriega Varela, defensor sempre dos valores da tradición por máis que en ningún caso se limitase o autor lugués á simple repetición de esquemas dados e si se viñese esforzar en aquilatar e axustar o legado do que se sentiu depositario.

Doutro lado, entre aqueloutros que si participaron do afán de renovación, tamén houbo discrepancia. Deste xeito, habemos de contemplar a poesía de Ramón Cabanillas –considerado o verdadeiro “poeta nacional” por parte dos líderes irmandiños–, consignada como un “necesario” punto de encontro entre aquela mesma tradición que manexaba Noriega Varela e mais o “novecentismo” a semellar ser quen de proxectar con fortuna as nosas letras nos ventos do novo século.

Noutro lugar xa temos comentado as dúas estratexias que, ao noso ver, manexou a opción máis renovadora: por un lado, o que denominamos como “vangarda enxebre” ou “vangarda pactada” –Luís Amado Carballo vén ser, sen dúbida, o seu mellor valedor– e que levou a termo o seu esforzo na concreción dunha




lírca na que a “temática nacional” –é dicir, aquilo que a mobilización galeguista/nacionalista consideraba como esencialmente “nacional”– se adornase, por así dicilo, con certas fórmulas dos triunfantes *ismos*: o resultado final do proceso foi concretar o que podemos etiquetar como “estética nacional para novos” en consonancia con esoutra “estética nacional” –a de Cabanillas– e en perfecta sintonía co horizonte de expectativas xerado desde o seo das Irmandades da Fala.

Finalmente, resulta ser Manuel Antonio o nome emblemático que alimentase os proxectos máis decididamente vangardistas. Militante nunha singular amálgama de idiolemas nacionalistas e anarquistas, o autor de *De catro a catro* elévase como a máis procurada opción rupturista na lírica galega das tres primeiras décadas do século XX.

Así pois, a organización dos textos que compoñen a presente antoloxía vén xirar arredor deses tres (catro) eixos fundamentais:

- Representantes da dirección tradicionalista: e de aí os nomes de Noriega Varela e Crecente Vega.
- “Estética nacional”: desde logo, Ramón Cabanillas ocupa a maior parte desta opción; ao seu lado xorden os nomes de Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo.
- “Vanguardia enxebre”: Luís Amado Carballo, pero tamén Euxenio Montes, Manuel Luís Acuña, Eduardo Blanco Amor e Xosé Otero Espasandín conforman o conxunto
- “Vanguardia rupturista”: con certeza, Manuel Antonio; canda del, Álvaro Cunqueiro e Federico García Lorca.

En fin, dous autores de máis complexa adscrición –Roberto Blanco Torres e Fermín Bouza Brey– completan a nosa selección: unha escolla, como xa foi dito, discutíbel e persoal mais asemade, ou niso fío, unha escolma representativa das principais direccións polas que transitou a poesía galega no tempo das Irmandades e que perduran no tempo para conformaren un apartado esencial no patrimonio das nosas letras.





***Antonio Noriega Varela***





## 1

# Teño amores na montaña

Teño amores na montaña,  
teño moza montañesa,  
que ma deparou un santo  
no turreiro dunha festa.  
Déronlle as rosas de maio  
roxa color prás meixelas,  
branca, volainiña branca!,  
seique inda é máis que as folerpas,  
e de folerpos da neve  
penso que debeu ser feita,  
xa que o sol i as nordesías  
no ma logran ver morena.  
Teño amores na montaña,  
teño unha moza brañega,  
que, si cos ollos feitiza,  
o corazón me estonteia  
c'aquelas palabras doces,  
i aquelas surrisas meigas  
das nenas repinicadas,  
argullo das cumes ermas.  
Miña santiña bonita,  
Dios, que ma deu, ma defenda!,

pois para min non hai ceio,  
si no me caso con ela.  
Heime casar!; os solteiros  
sempre andan nas malas linguas,  
i eu quero vivir con honra,  
xa que non teña outra herencia.  
Heime casar, non que logo!,  
i heime de casar na aldea,  
miña nai!, porque alí moran  
as poucas almas sinxelas,  
que sacan o pan da boca  
pra socorrer a probeza.  
Despois buscarei casiña,  
unha casiña tarrea  
con cortello, pra criar  
dous bacoriños da teta,  
i a facer pares de zocas!,  
que se me canga, abofellas,  
millor que escribir en verso  
na doce fala gallega.

## 2

### E porque é tan lugués

E porque é tan lugués, e porque o pide  
teu xeito agreste, porque ben lles prace  
ós verdes do Vilar de Lamonide  
i ó hostil acivro que onde a murta nace;

Teu paniño encarnado me namora,  
linda serrana, moza churrusqueira,  
que nos montes de Argán eres pastora  
e no Fondal da Graña tecedeira.

Meu corazón, aquel que en noite triste  
se apartou destes ermos, que o sol viste,  
si ó cabo torna dun país lexano,  
si, aínda que seña inverno, a vir se atreve,  
mentras de vagarciño cai a neve,  
chorará como on neno ó ver teu pano!...

### 3

## Pasa un vermiño

*Pra Enrique Chao Espina*

No me tripes, camiñante!:  
cousiña insinificante,  
teño un Santo a meu favor,  
que lle chama ó lobo errante  
irmao e representante  
das finezas del Señor.



## 4

### **As froliñas dos toxos**

Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!  
Eu venero as froliñas dos toxos.

Dos toxales as tenues froliñas,  
que sorríen, a medo, entre espiñas.

Entre espiñas que o ceio agasalla  
con diamánte-las noites que orballa.

Oh do iermo o preciado tesouro!:  
as froliñas dos toxos son de ouro.

De ouro vello son, mai, as froliñas  
dos bravos toxales, das devociós miñas!...

## 5 Galernazo

Vías de auga,  
velas rotas,  
o demo ceibo na barra,  
fuxen prá terra as gueivotas,  
e choran nenos en Corme!,  
i a mai que ten moitos fillos  
non sei como sono dorme...

## 6 Laverquiña...

Laverquiña que te axotas  
das degaradas gueivotas  
oíndo o salvaxe berro;  
musa, que a mariña extrañas,  
olla as azules montañas  
desde as praia do desterro!

Esquence o mar, lembra o gado  
miúdo, i o regalado  
vivir, as tumbadas festas!,  
i as cantigas dos pastores,  
que fan grinaldas coas frores  
amareliñas das xestas.

7

## **Toda humilde beleza**

*(Pra Don Purificación de Cora Sabater,  
Direutor de El Progreso)*

Vago xirón de brétema, atavío  
soberbio de irta xesta, reidora,  
fulgurante doíña de rocío  
(pazo do sol e lágrima da aurora);

raiola de lunar que bica o río,  
flor mareliña que entre espiñas chora,  
ou das redes da araña un tenue fío,  
toda humilde beleza me namora.

É un vermiño de luz o amigo caro  
do meu nume saudoso... Antes reparo  
na nudez adorable dunha estrela

que nas rosas dos vales, que sorríen,  
que nos mantos dos pinos, que se engríen,  
que nas blondas do mar, que se rebela.

## 8

### Pombiña brava

Aquela que me namora  
sirve pra ver, i hai que vela!,  
cunha saíña rabela  
gardando a habenza –é pastora–;  
si ó sol posto –mística hora–  
canta, nos ollos lle leio  
fondas maguas... Pra ir ó ceio  
reza, de noite, o resario  
i amosa un escapulario  
a caronciño do seio.

## 9

### Fillo do corazón

Fillo do corazón, que nas meniñas  
dos teus ollos levache os meus amores,  
descansa eternamente sobre frores,  
que eu non te hei de olvidar entre as espiñas.

Si as bágoas de túa mai i as bágoas miñas  
non te rezusitaron... xa n'acores!;  
este mundo é o liñeiro das delores,  
i o ceio fíxoo Dios prás estreliñas!...

A Virxe te acobexe co seu manto  
e, xa que é tan cativa a miña sorte  
que no me valeu nada achousar tanto,

pide que a triste vida se me acorte!:  
mellor quero ir parar ó campo santo,  
que vivir recordando a túa morte.

## 10 A Saudade

*(Tortura, con punzante delicia)*

Sol a queima, i auga a molla,  
i anda a probiña sen guía,  
buscando quen a recolla,  
desque morreu Rosalía.

Pisa cardos, pisa abrollos,  
i a penas o sol se pon,  
coas lagrimiñas nos ollos  
entra no meu corazón.

Vén, de mansiño, coa lúa...  
Dios sabe de donde chega!  
Portugal dice que é súa,  
i as brétemas que é gallega.

I a enmeigadora sorrí!,  
méntre-la festexo eu,  
porque se demora aquí,  
si é certo que alá naceu.

Hai nestes ermos lugares  
branca ermida!,  
i us penedos, i us pinares,  
que lle cautivan a vida...

Sol a queima, i auga a molla,  
i anda a probiña sen guía,  
buscando quen a recolla,  
desque morreu Rosalía.



11

**Auguiña fresca**

Sorrisos das do ermo tristes flores,  
sorrisos delas i a ternura miña,  
i os requebros dos meigos ruiseñores  
prá auguiña fresca desta fonteliña.

Quen me quer apracer? De gracia a brindo:  
bebe, roseira (véxote espirando).  
Bebe, luar piedoso, e vai sorrindo!  
Bebe, almiña, que estás na cruz sangrando...

Ferín meu corazón, ferino adrede,  
pra que saltase a lymphá!; quen ten sede?  
Aquí tódalas vidas dolorosas!

Es un vermiño? Deixa que che eu cante.  
E tu, que es un leproso, pasa adiante,  
e bebe, irmao dos astros e das rosas!...

## 12

### Musa queiroguenta

Pra arredala do seu huraño sino,  
de balde foi que se xuntase o medo  
coa imponente mudez do ermo penedo,  
coa queixa vaga do harmonioso pino.

A musa queiroguenta que me asiste  
da rixidez dos montes está ó cabo,  
i ama a flor mareliña, porque é triste,  
i a presenza do toxo, porque é bravo...

Mellor que a lus febea? Ceio torvo!  
Antes que o pintasilgo? Negro corvo!  
Entre seixos a auguiña que ela bebe;

son breñoso-los cimbros donde inverna,  
i é unha moza, descalza de pé e perna,  
tripando cardos, encarando a neve!!



***Xosé Crecente Vega***





## 1

# A miña aguillada

*Pra D. José Aranguren Roldán*

Quero unha aguillada que seña un tesouro,  
que non teña falta dende a punta ó cabo,  
feita dun caxoto de carballo mouro  
criado entre silvas nun terreo escravo.

No forno escocida i escarapelada,  
de freba moi limpa, dereita, sin nós.  
Pulida e xeitosa. Quero unha aguillada  
das millor feitiñas que puido dar Dios.

E ben enferrada con ferrón de aceiro,  
porque unha aguillada que non ten ferrón  
ni é honra do dono, ni é pau duradeiro,  
nin limpa un arado nin fende un terrón.

E por si algún día chega unha ocasión  
en que Xan labrego poda ergue-la man,  
quero unha aguillada que me sirva entón  
pra medirlle as costas a algún pillabán.

Ni unha falta triste dende a punta ó cabo;  
que digan os homes: a vara naceu!;  
feita dun caxoto de carballo bravo,  
esa é a aguillada que quero ter eu!

## 2 Sinxelezas

*Pra D. José Cazón Ferreiro*

–A min prácenme as folliñas  
porque lles dan ben ós arbres.  
–E a min porque choran, choran,  
sin que seipa nada naide.

–A min práceme a rosada  
porque refresca a campía.  
–E a min porque cai a modo  
sin abanar as herbiñas.

–A min práceme o ventión  
porque ás follas fai cantar.  
–E a min porque as acariña  
cáseque sin lles tocar.

–A min práceme a fontíña  
porque a súa auga é un consolo.  
–E a min porque deixa ver  
todo canto ten no fondo.

### 3 Chorimas

Flores de toxo, floriñas,  
pequeniñas,  
amarelas.

Non hai outras como elas,  
que xa amosan as espiñas  
cando a man vai a collelas.

Flores de toxo, floriñas,  
agruchadas entre espiñas  
coma as flores, xa murchiñas,  
das miñas profundas dores...  
Sodes as máis belas flores.  
Sodes vós as flores miñas!



## 4 A unha fontiña

Fontiña serea e clara,  
santa, inocente fontiña,  
que entre os arbres barulleiros  
amostras a quen te mira  
a claridá dos teus ollos  
e a frescura da túa lingua;  
que estás marmulando estrofas  
de sinxelas poesías  
coa gracia que Dios che deu  
pra que foses graciosa;  
déixame pór de ti preto,  
miña santa poetisa,  
que quero oír os teus versos,  
a túa música continua;  
que eu ben sei que ti consonas  
esas notas cristañas  
–ás veces laios e bágoas,  
ás veces beixos e risas–  
co ruxe-ruxe das follas;  
coas promesas das espigas;  
co piar dos paxariños;  
co cantar das sabandixas;

e coa delor das estrelas,  
todas croadas de espiñas;  
e cos suspiros das nenas;  
e co tremer das herbiñas.  
Déixame pór á túa beira  
miña santa poetisa...

Mais... ñas ansias de poeta  
ti non as rimas, fontíña


Fontíña serea e clara,  
santa, inocente fontíña,  
que estás sempre bendecendo  
coa túa auga bendita  
as luces que pestenexan  
e as sombras que se esperguizan;  
e unha congoxa lonxana  
que anda polo ar perdida,  
e unha ilusión que, xa morta,  
resucitou volainiña;  
que estás sempre acariñando  
coas túas frescas mauíñas  
as paredes do silencio  
e os cortinaxes da brisa;  
e o pelo mouro da noite,  
e o pelo branco do día:

Eu sei que as pradelas mortas  
ós teus beixos resucitan;  
que o traballador sedento,  
cando o sol, aceso, pica,  
a ti corre i en tialcontra  
nova forza e nova vida.

Eu sei que o gado, alangreando,  
cando o ceibo da cortiña  
pilla o camiño da fonte,  
mete os beizos na túa pía  
e bebe a grandes papados,  
e desque bebe, rebrinca.

Eu quero beber, beber;  
fartarme de esa auga fría.  
Teño os labios degresados;  
teño a boca toda ardida;  
teño sede, miña santa;  
teño sede, miña amiga.  
Deixa que corra a túa auga  
pola pradela sin vida,  
polo ermo resequido  
desta segura infinita...

Mais esta sede que mata  
ti non a matas, fontíña!





***Ramón Cabanillas***





## 1

# A princesa roiba (“Reza un merlo no souto”)

Reza un merlo no souto  
frido de cereixos  
relixioso ofertorio  
duns místicos amores.  
Pasa un vento de bicos  
que vai buscando beixos,  
como enxame de abellas  
que vai buscando frores.

Fío a fío devana  
súa madeixa a fonte  
barbullando chorosa  
o verso lexendario  
do Paxe do Castelo  
aforcado na Ponte  
e da Reina encantada  
no Pazo solitario.

Nas follas dos salgueiros  
pelexas e chilidos.  
Un trasno luxurioso  
estala en gargalladas

ollando, sobre o espello  
das auguas, os despidos  
corpos, cristal e neve,  
dun fato de driadas.

Nos cálices das rosas  
hai Comunión de orballo.  
Mentras no rexio alcázar  
xunta ó baleiro trono  
por ela espera a Corte,  
á sombra dun carballo  
texe a Princesa roiba  
un encaixe de Ensono.



## 2

### O vello que foi ladrón

Teñen as barbas do vello  
tembrores de santidá  
e a brancura das meadas  
do fresco liño torzal.  
Pola camisa de leiras,  
que floxa e entraberta trai,  
amostra o peito peludo  
de lobo flaco. Ó andar  
renquea arrastrando as zocas,  
e a cada paso que dá,  
como está cuáseque cego,  
tenta a vereda cun pau.

Cara a el, asubiando  
e a brincos, vén un rapaz.  
Ó sentilo vir, o vello  
con voz bruenta en que hai  
estrondo de vendavales  
e rouco ouveo de cans,  
pregúntalle: “Estou moi lonxe  
da ponte de Miraoval?”

O neno ollando medoso,  
sin deixar de camiñar,  
responde con voz tremente:  
“Non, señor. Dereito vai.  
Torza á beira dos pasales  
do muíño novo, e xa está!”

Sigue o vello renqueando  
a tentas, até chegar  
ó pé do primeiro arco  
da ponte. Deixando o pau,  
arrechégase á parede  
e por ela tende a man  
buscando a cruz de madeira  
que fixa na pedra está.  
Ó dar con ela salouca  
e se axoella no chan,  
move os beizos tembrorosos  
rezando, e rompe a chorar.

É negra hestoria a do vello.  
Nos anos da mocedá  
foi ladrón. Dunha gavilla  
fixérono capitán  
e en todo Salnés non houbo  
nin pazo nin reutoral  
nos que, por maña ou por forza,  
non entrase a cachear.  
Unha noite –nin el mesmo  
recorda o tempo que fai–,  
ó pé do arco da ponte,  
matou con certoiro pau

un arriscado feireante  
que non se deixou roubar.  
Ó outro día a gavilla  
topouse sin capitán.

Esquecido da xusticia,  
tornou, fai pouco, ó lugar.  
E onde a cruz de madeira  
lembrando o crimen está,  
chega, a tentas, renqueando  
por aquel morto a rezar,  
mollando con bágoas roxas,  
na tristura do serán,  
as longas barbas que teñen  
tembrores de santidá.

### 3 1921!

Mozas da vida, probes e soldados  
nas rúas e dancings e merendeiros.  
Luxuria, fame e guerra misturados...  
Roma imperial nos días derradeiros!

Nin honor nin vergoña. Conchabados  
con maricas, grupiers e mineiros,  
van razziando o país os diputados  
desertores do Tercio de Estranxeiros.

O Arte, nos salóns, apesta a rancio,  
os xornales empréntanse en Bizancio  
e a Chelito meteuse gran señora.

O pobo chora ós mortos da traxedia  
e o Rei é vitoriado na Comedia  
onde trunfa en camisa Musidora!

## 4 Na taberna

Os mozos mariñeiros da fiada  
lémbranse rindo alleos de coidado:  
cheira o aceite e pemento requemados  
rustido de xurés en caldeirada.

Conta o patrón nun corro a trebonada  
do ano setenta, –hestoria de afogados;–  
e empuxándose, inando, entran mollados  
os homes dunha “lancha de enviada”.  
Pasa de man en man a xerra roiba  
de albariño, e namentras cai a choiva  
e o vento fai tembrar a casa enteira,  
detrás do mostrador crarexa o ceo  
nas trenzas de ouro, no mirar sereo,  
na surrisa de luz da taberneira.

## 5

### Mentres cai a neve

Tristeiro, mudo, o paisaxe.  
Irta, doente friaxe  
no aire reve.  
En falerpas, silenzosa,  
como folliñas de rosa  
cai a neve.

Os agros froridos axa.  
E son lenzos de mortaxa,  
branqueados,  
altos cumes, fondos vales,  
as valgadas, os pinales,  
os tellados.

A vida cala. En segredo,  
afogado, morre o ledo  
murmurio  
das fontes, das carballeiras,  
dos paxaros, das regueiras  
e do río.

Todo de branco se viste.  
Todo dorme, frío, triste,  
sin latexo.

No ceo calmo, tranquilo,  
ni un maino rumor, ni un brillo,  
ni un refrexo.

Vive na alma o frente  
choro íntimo, doente,  
do salouco.  
E as falerpas, revoando,  
como en ondas, van baixando  
pouco a pouco...!

Penso en ti. Ábreñse as portas  
do pasado, surxen mortas  
alegrías.  
E o recordo, craro espello,  
retrata do tempo vello  
doce días.

Volve a memoria dos anos,  
por felices e lonxanos  
máis queridos,  
nos que ensonos milagreiros  
leváronnos por carreiros  
florecedos.

Mainiño, tenro, lucente,  
amostra do peito a rente  
seu encanto,  
aquele noso amor sinxelo,  
ceo sin nubes nin velo,  
limpo, santo.

Véndoo da ausencia ferido  
pousou riba del o olvido  
súa neve,

sin reparar que a xiada  
desfaise onde hai labarada  
onde hai frebe...!

Volven as de aquelas horas  
bolboretas bailadoras  
sobre as frores.  
E entre as ponlas dos pereiros  
ouso cantar os trobeiros  
reiseñores.

Os meus beizos atolados,  
por fondas penas axados,  
soñan meles  
que a túa boca doída  
no bico de despedida  
deixou neles.

E a mortecida mirada,  
desperta por enmeigada  
alumaxe,  
ve na fosca lonxanía,  
chea de luz e poesía,  
túa imaxe...

Penso en ti. E ó verme soio,  
sin compañeira ni alboio,  
na caída  
da medosa, escura tarde,  
triste, sin folgos, covarde  
frente a vida.

Esa doce lembranza  
troca en cantiga de espranza  
meus queixumes,



vertendo na alma miña,  
–toda saudade e morriña–  
seus arumes.

E mentras cai silenzosa  
a neve branca, leitosa,  
nas campías,  
pido ó ceo, debruzado,  
un raio do sol dourado  
daqueles benditos días!

## 6

# Da traxedia de Pierrot

*A Enrique Vidal*

### I

Camiño real. Mediodía.  
Arde o ceo enroxecido  
e no berce da campía  
quedouse o vento durmido.

Canta o grilo no ruleiro.  
A araña, antre as silvas, fía.  
O enxame no laranxeiro  
funga a vella letanía.

Unha pomba que, abafada,  
voa cruzando a valgada  
cara á fonte da arboreda,  
pon, baixo a luz roxa e viva,  
unha sombra fuxitiva  
na brancura da vereda.

### II

Un carro de herba cargado,  
dos bois ó andar preguiceiro,

vén costa abaixo e, deitado  
antre a herba, o carreteiro.

Do carro labrego á beira,  
roda unha chouza ambulante:  
a caseta de madeira  
de Pierrot o comediante.

Un burro cheo de amatas  
que xa non pode coas patas,  
tira dela, paso a paso.

E detrás, medio tullido,  
triste, co rabo caído,  
coxea o can do pallaso.

### III

Pierrot que a noite pasada  
coa lúa anduvo de rúa,  
coa cara inda enfariñada  
dorme, soñando coa lúa.

E Colombina que inxerta  
un traspés noutro traspés,  
está soñando, desperta,  
coas alaxas do Marqués.

E así van. El condenado  
a non ser nunca escoitado  
da Muller nin da Ilusión.

Ela correndo veredas  
a soñar citas segredas,  
nostálxica da Traición.

IV

Afógase Colombina;  
e abrindo ó fresco unha veta  
descorre un pouco a cortina  
da bufarda da caseta.

E ó mirar, ve o mozo forte  
que, deitado, o carro guía,  
san e garrido, co porte  
dun dios da mitoloxía.

Rindo, chisca os ollos ela.  
El, como alelado ó vela,  
rise tamén... E, dispois,  
ela que entorna a modiño  
a porta, baixa o camiño  
e rube ó carro dos bois.

V

Sol. O sedendo follaxe  
dos arbres, múrchase. Cheira  
a fume ardido. O paisaxe  
finxe, ó lonxe, unha fogueira.

Esténdese na campía  
e resoa na quebrada  
o estrondo da canturía  
das rans na ágoa empozada.

Ás veces, no aire brillante  
un ventiño saloucante  
bate as ás, maino e levián.

Cansos, tristóns, resiñados,  
camiñan acompañados  
os bois, o burro e o can.

VI

Cando, xa de volta, rube  
á caseta Colombina,  
inda Pierrot nunha nube  
canta ó son da mandolina.

E Pierrot bícaa na frente  
todo apenado e doente...  
porque en soños foi traidor!

7  
**Acción Gallega**  
**Hino**

Irmáns! Irmáns gallegos!  
Dende Ortegá ó Miño  
a folla do fouciño  
fagamos rebrilar!

Que vexa a Vila podre,  
coveira da canalla,  
á Aldea que traballa  
disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,  
irmáns, irmáns gallegos!  
que corra o sangue a regos  
dende a montana ó mar.

Ergámonos sin medo!  
Que o lume da toxeira  
envolva na fogueira  
o pazo señorial!

Xa o fato de caciques,  
ladróns e herexes, fuxe  
ó redentor empuxe  
da alma rexional.

Antes de ser escravos,  
irmáns, irmáns gallegos!  
que corra a sangre a regos  
dende a montana ó val.

## 8

### **Camiño longo<sup>1</sup>**

Camiño, camiño longo,  
camiño da miña vida,  
escuro e triste de noite,  
e triste e escuro de día...  
camiño longo  
da miña vida!

Vereda, vereda torta  
en duras laxes aberta,  
arrodeada de toxos,  
crebada polas lameiras...  
vereda torta,  
ti onde me levas!

Camiño, camiño longo.  
A choiva, a neve e as silvas  
enchéronme de friaxe,  
cubrironme de feridas...  
camiño longo  
da miña vida!

---

<sup>1</sup> Este poema foi musicado por Ricardo Fortes. A partitura reproducíuse na 1ª edición de *Vento mareiro* (1915).



Vereda, vereda fonda  
de fontes tristes, sin ágoa;  
sin carballos que den sombra,  
nin chouzas que den pousada...  
vereda fonda,  
ti cando acabas!

## 9

### **Pombas feridas<sup>2</sup>**

Si a ágoa da túa fonte  
inda corre maina e limpa;  
si as rosas do teu xardín  
inda non teñen espiñas...  
non pouses, nena, teus ollos  
na tristeza destas rimas.

Si te-la alma en repouso  
e as ilusións te enfeitizan;  
si non sabes das tromentas  
que desfán algunhas vidas...  
non pouses, nena, teus ollos  
na tristeza destas rimas.

Unha man que xa non bico  
teceunas na carne miña  
co puñal con que a rachou  
e coa sangre das feridas...  
olla si será tristeza  
a tristeza destas rimas!!

---

<sup>2</sup> Na 1ª edición de *Vento mareiro* (1915), di en nota de rodapé: “Música de José Guede”.

I

Tronzou un vento tráxico a roseira...  
non haberá máis rosas no xardín!  
Apagouse a estrelíña do meu ceo...  
non volverá a locir!

Camiñante que ó pé da miña chouza  
detíñaste escoitando meu cantar,  
sigue adiante... meus beizos para sempre  
pechados estarán!

II

Un vento velaíño  
para espallar meus sonos;  
vara e media de cova  
para enterra-lo corpo;  
para o mundo que deixo...  
chega pecha-los ollos.  
Soio no alcontro en onde  
bota-lo teu recordo!

III

Non podía vivir naquel barullo  
e un día separeime do cortexo  
e entrei na miña casa,  
deixando á porta todo aquel inferno  
de espranzas e recordos,  
desencantos, nostalxias e deseios.

Atranquei as ventanas,  
corrín os tarabelos  
e deiteime a morrer, pechando os ollos,  
fuxindo ó pensamento.

De súpeto sentín sobre da fronte,  
enchéndome de medo,  
a bafarada fría, pezoñenta,  
dun misterioso alento.  
Mirei con ansia... O Dor, tráxico, inmobre,  
velaba á cabeceira do meu leito!  
Magoado, perguntei: –Por onde entrache?  
E escotei que decía: –Estaba dentro!

## 10 A trainera<sup>3</sup>

No vran amorosiño,  
cando ó raíar o día  
a raba enganadora  
espalla pola ría,  
con dez remos por banda  
crebando o calmo mar,  
tal é como dun conto  
de práctica amorosa  
araña xigantesca  
que tece, cubizosa,  
coa prata das espumas  
o velo dun altar.

---

<sup>3</sup> Aparecido primeiro nas páxinas de *Suevia* (A Habana 10, 14/IV/1912), como “A trainera, *Pra y-alma gallega d’un novo «Breogán»*”. Ao lado do título di PEPE FONTENLA e a continuación vai unha foto do ilustre tipógrafo ferrolán. A dedicatoria desapareceu das edicións posteriores. O poema foi incluído así mesmo en *Do desterro* (1913); o título figura tan só no índice e non na cabeceira dos versos.

Ó abrigo de peirao,  
cangada de sardiña  
que brila na cadeira  
e bule na traíña,  
arrólase mimosa  
das olas ó vaivén  
dando a visión lucente  
dunha bandexa de ouro  
cuaxada de brilantes,  
ofrenda que un rei mouro  
depón ante a garrida  
sultana dun harén.

Nas tardes da invernada  
sobre das auras voa;  
e a vela con tres sisos,  
o vento pola proa,  
a quilla ó descuberto,  
fuxindo ó temporal,  
relembra a saudosa  
pombiña mensaxeira  
que esmorecida e cansa  
deseia, na postreira  
xornada do viaxe,  
pousar no seu pombal.

Ou trainera branca,  
lixeira como o vento,  
que vés nas horas tristes  
a encher meu pensamento  
coa doce lembranza  
da terra en que nacín!

Túa imaxe no meu peito  
renova vellas mágoas  
e escáldame as meixelas  
coas esquecidas bágoas  
que, no adiós derradeiro,  
ó meu fogar vertín!

Sentado sobre as redes,  
baixo o dosel do ceo,  
mirando a crara estela  
espello do deseo,  
ó teu flotar sin guía,  
as noites de luar,  
finxíronte mil veces  
meus ollos soñadores  
o Cisne dunha lenda  
de tráxicos amores,  
do Encanto prisioneiro,  
durmindo sobre o mar.

Nesas benditas horas  
de misteriosa vida,  
falei enamorado  
con Elsa e Margarida  
e, dun xardín na sombra,  
biquei beizos en fror;  
vencín dragóns xigantes  
en sanguñentas loitas,  
en copras de romance  
cantei amantes coitas  
e fun romeiro, escravo,  
xuglar e emperador.

Ó brilo das estrelas,  
    mecido no teu colo,  
ollei como Leandro  
    morreu sin o consolo  
de ver os esperados  
    crarores dunha luz.  
Faguendo penitencia  
    cheguei a Palestrina  
vestindo teixo saio,  
    as cunchas na escravina,  
con báculo e cabaza  
    e, sobre o peito, a cruz.

Na xunta duns camiños,  
    á beira dun cruceiro,  
levado polas bruxas  
    bailei no seu rueiro,  
e a noite de Valpurgis  
    co demo conversei.  
Sufrindo vin a Otelo  
    dos celos a congoxa,  
limpando vin a Lady  
    Macbeth a sangue roxa  
e a morte de Marcilla  
    con Isabel chorei.

Fireume a luz do ceo  
    camiño de Damasco,  
e entrei, lucindo negros  
    airóns no branco casco,  
no medio dos cruzados  
    con Godofredo en Sión;



e arqueiro de Xelmírez  
na vella Compostela  
e paxe en Mondoñedo  
do bon Pardo de Cela,  
queimoume por relauso  
a Santa Inquisición.

Lonxe do corpo a alma,  
pilloume a roiba aurora  
oíndo das sirenas  
o canto que namora  
e antre o boscaxe heleno  
a flauta do dios Pan;  
e vin, velando o sono  
da Suevia lexendaria,  
na costa de Fisterre  
escura e solitaria,  
a sombra venerada  
do nobre Breogán.

Ou nave pescadora  
da máxica ribeira  
na que xoguei de neno!  
Ou branda fror mareira!  
Ou pedra briladora  
do lago cambadés!  
Nostálxico, saudoso,  
con voos de anduriña,  
en brazos do recordo,  
nas horas de morriña,  
doente vou a acharte  
dos mares a través!

Ou cantas, cantas noites  
    rendido da xornada,  
o corpo frebescente  
    a alma acongoxada  
me viche, debruzado,  
    tembrar ante o porvir!  
Ou cantas escoitache,  
    envoltos nos brúidos  
das augas axitadas,  
    soar os meus xemidos  
laiando a inútil vida,  
    eterna no sufrir!

Ou berce dos meus sonos!  
    Ou trainera branca!  
Solta rizóns e cabos!  
    Valente e leda arranca,  
a proa ó sol que morre,  
    desque ó Caribe mar!

Ou branca trainera  
    da ría cambadesa,  
ergue bulindo a vela,  
    mete o timón á présa  
e o probe desterrado  
    devolve ó patrio lar!

11

**Meu carriño!**<sup>4</sup>

*Para a alma acesa de Antón Villar Ponte*

Carriño forte e xeitoso  
meu carriño,  
arrolador e mimoso  
como o berce dun meniño!

Meu carriño cantareiro!  
O de xugo e cabezalla  
coa puntiña da navalla  
pulidos da miña man!  
Sempre ó paso, sempre xuntos  
entre estripas, e entre frores,  
cantemos nosos amores,  
sin saír do noso chan!

---

<sup>4</sup> O poema foi publicado por vez primeira n'A Nosa Terra (8, 25/I/1917), logo en Gaceta de Galicia (Santiago, 1/II/1917).

Meu amor de carreteiro!  
Meu carriño!  
O do eixo de ameneiro  
e os canisos de sanguíño!

Lévame, meu carro, leva,  
pola meiga terra nosa  
que a miña alma saudosa  
lonxe dela non se afai.  
Lévame por onde escoite  
a fala doce e sentida  
entre bicos deprendida  
no solo da miña nai!

Roda polos nosos eidos!  
Anque hai lama no camiño  
é túa terra, meu carriño,  
é a terra de meus avós!

Non collas pra chan alleo!  
Non me leves a Castela  
que non quero nada dela  
xa que arrenegou de nós!

Vermello, leva coidado  
co carriño,  
que pode caír tumbado  
no goio dun tremesiño!

Canta, meu carriño, canta  
a redención esquencida,  
o dor da Terra ferida  
de traidores e ladróns.  
A alma galega dorme,  
a santa Ideia está morta

e tes de ir porta por porta  
encendendo os corazóns!

Berra por vilas e aldeas,  
que hai que vinga-la inxusticia  
dos que teñen a Galicia  
axugada cun cansil.

E dille ós irmáns que atopes  
que nas mans dun home enteiro  
o estadullo carreteiro  
non lle ten medo ó fusil!

Marelo, tira con xeito  
e amodiño,  
que hai que andar moi ó dereito  
co eixo do meu carriño!

Hoxe corredoira abaixo,  
mañán corredoira arriba,  
mentras ti dures e eu viva  
teremos un camiñar.  
E cando ti xa apodrezas  
e eu dé o laio derradeiro  
que fagan do teu chedeiro  
a caixa pra me enterrar!

O de eixo de ameneiro  
e os canisos de sanguíño!  
Meu amor de carreteiro!  
Meu carriño cantareiro!  
Meu carriño!

## 12

### **Camiño adiante**

Camiño adiante, triste sin congoxa,  
a frente erguida, o paso ventureiro,  
ó lombo un pau e nel cangada a roupa  
envolveita nun pano, o pensamento  
na chouza en que viveu seus anos mozos,  
o amor á terra en que naceu no peito,  
unha visión de brétema nos ollos  
e unha copra nostálxica nos beizos,  
camiño adiante... adiante... sempre adiante!  
alónxase da aldea o bo labrego.  
Creente ñas virtudes da súa raza,  
valente no sufrir, forte, sereo  
coa homilde maxestá daqueles reises  
relixiosos, pastores e guerreiros,  
que adouraban a Dios nas altas cumes  
da noite no misterio,  
tiñan por pazo unha cativa chouza  
e o trono ó pe dun vello castiñeiro;  
canso de sementar en terra escrava  
de vergoñosos feudos;  
agrilloado por ladróns caciques,

amos sin lei e sin honor; famento  
do día de xusticia, que alumee  
a libertá dos servos,  
do día en que o fouciño  
mangado no fungueiro,  
sin piedá, sin perdón, a lume e sangue,  
dende os castros suevos  
ás covas en que os lobos se entobaron  
baixe en nome de Dios e do Dereito;  
buscando redención, camiño adiante,  
alónxase da aldea o bo labrego.  
Abride paso ó loitador! Da mina  
no temoroso e abafante seo,  
sudando a fío baixo o sol ardente,  
batido pola neve e polo vento  
na montana, mollado na lameira,  
entre as areas roxas do deserto,  
sobre as ágoas do mar, no bosque virxe...  
traballará pra redimir seus eidos  
crebando sobre as testas dos tiranos  
as cadeas que o teñen prisioneiro.

E trunfará na noite que en si leva  
as forzas que han de darlle o vencimento:  
fe cega no porvir, o nobre e santo  
amor á terra en que naceu no peito,  
unha visión de brétema nos ollos  
e unha copra nostálxica nos beizos!

## 13 En pé!<sup>5</sup>

*A Luís Porteiro*

Irmáns! En pé, sereos,  
a limpa frente erguida,  
envoltos na brancura  
da luz que cai de riba,  
o corazón aberto  
a toda verba amiga,  
e nunha man a fouce  
e noutra man a oliva,  
arredor da bandeira azul e branca,  
arredor da bandeira da Galicia,  
cantémo-lo dereito  
a libre nova vida!

---

<sup>5</sup> Apareceu primeiro n'*A Nosa Terra* (17, 30/IV/1917) coa indicación "Do libro *Da terra asoballada*, poesías de loita, que sairá a primeiros de maio e que ten de sere un éisito de librería". O poema está dedicado a Luís Porteiro (1889-1918), un dos fundadores das Irmandades da Fala.



Validos de treidores  
a noite da Frouseira  
á patria escravizaron  
uns reises de Castela.  
Comestas polo tempo,  
xa afloxan as cadeas...  
irmáns asoballados  
de xentes extranxeiras,  
ergámo-la bandeira azul e branca!  
E ó pé da enseña da nazón galega  
cantémo-lo dereito  
a libertar a Terra!

Irmáns no amor á Suevia  
de lexendaria historia,  
en pé! en pé dispostos  
a non morrer sin loita!  
O día do Medulio  
con sangue quente e roxa  
mercámo-lo dereito  
a libre, honrada chouza!  
Xa está ó vento a bandeira azul e branca!  
A oliva nunha man, a fouce noutra,  
berremos alto e forte:  
“A nosa terra é nosa!”

## 14 Probiña da tola!

Non teño parentes,  
amores nin chouza.  
Aldea en aldea,  
parroquia en parroquia,  
ando polo mundo  
arredada e soia!  
Xanto cando atopo  
cunha almiña boa  
que polos seus mortos  
bótame de esmola  
a cunca do caldo  
e o anaco de broa.  
Durmo nos camiños,  
érgome coa aurora,  
lavóme nas fontes  
de crara ágoa moma,  
e as noites que a lúa  
loce briladora,  
como nun sospiro  
paso as horas mortas  
mirando pra ela,

cantándolle copras:  
Lúa, branca lúa,  
como me namoras!

    Todo o santo día,  
con sol ou con choiva,  
dun lado pra outro  
vou de porta en porta,  
e fuxindo ós mozos  
chea de vergonza,  
e os cans que me ladran,  
e os nenos que xogan  
tirándome pedras,  
chamándome tola,  
atruveso veigas,  
rubo corredoiras,  
e salto valados  
cubertos de roxas  
espiñas de estripas  
e ortigas treidoras  
que fírenme a carne  
e ráchanme a roupa...  
a roupa dos probes  
que nunca foi nova!

    Cando camiñando  
paso polas hortas  
a tempo que a xente  
turra da espiocha  
ou cava patacas  
ou pranta cebolas,  
sempre hai un que diga:  
–A onde vas Rosa?

I eu que nunca quixen  
andar con parolas  
nin que naide, naide,  
seipa as miñas cousas,  
nin de min se burle  
nin veña con cholas,  
sin faltar á crianza  
mándoo faguer moitas:  
–Demo de xudío!  
A ti que che importa?  
Tes gana de leria?  
Pois chama por outra!  
E, sin máis palique,  
vírome de costas;  
mais ben me percato,  
facéndome a xorda  
que queda decindo:  
“Probiña da tola!

É de Santa Baia,  
do lugar das Rozas  
preto dos casares  
que din de Revolta.  
Quedou pequeniña  
en poder da avoa  
que ó morrer deixoulle  
a casa en mellora.  
Conocín os pais;  
dúas boas personas  
non despreciando  
ninguén que me escoita!

A nena criouse  
como unha señora,  
facendo parexa  
co nome de Rosa.  
Coa vida que leva,  
xa vedes! á forza  
ten que estar cativa  
e hoxe non fai proba,  
pero nos seus tempos...  
foivos unha moza!  
Acórdome un ano  
que pola Pastora,  
coa cara cereixa  
de fresca e de roiba,  
o cabelo en trenzas  
do cor das armorias,  
cun adrezo de ouro  
ó redor da gorxa,  
de dengue e mantelo,  
mesmo daba gloria!  
todo o señorío  
facíalle roda!

Nunca ela, coitada,  
tan bonita fora!  
O conto é que un fillo  
bo mozo! da dona  
do pazo da Gándara  
andúvolle ás voltas,  
e fala que fala  
a chola e máis chola,

a pedra ablandouse  
e ó fin namorouna.

Pero quixo o demo,  
–que ese nunca folga,  
que a nai se enteirase;  
e o rapaz, por boas  
ou malas, que o certo  
inda non se conta,  
da noite á mañán  
saieu da parroquia.

As cousas do mundo!  
O triste da hestoria  
foi que o mozo ó irse  
deixouna sin honra,  
e entroulle á rapaza  
peniña tan fonda  
que do paridoiro  
máis valera morta!  
subéuselle o ramo...  
e volveuse tola!”

Eu non sei si falan  
de min ou de outra  
e ríu cando ousou  
contar esas cousas.  
Eu non me recordo...  
Bah, quen se recorda!  
Pero eu non acerto  
que ten esa hestoria  
que, cando contala  
tristeiros escoitan,

namentras eu saio  
correndo da horta,  
os homes salaian  
e as vellas e as mozas,  
co mandil nos ollos,  
doloridas choran  
decindo en voz baixa:  
“Probiña da tola!  
Que Dios nos aparte  
dunha mala hora!”

E non é verdade.  
Abofé estou corda!  
Si a xente soupera  
que vivo na gloria!  
Si dos meus segredos  
caíran na conta!

Cando a noite cobre  
o piñal de sombras,  
dúrmome nun leito  
de fiúncos e follas,  
e a pouco desperto  
e vexo unha pomba  
que baixa do ceo  
voa que revoa,  
e vén no meu colo  
pousarse, e mimosa,  
rúbeseme ó peito,  
bícame na boca,  
fálame dos anxes,  
de Nosa Señora  
e da nai querida

que chorando roga  
pra que deste mundo  
de penas recollan  
e leven xunto a ela  
a filla que adora.

E todas as noites  
vén a branca pomba  
e conmigo fala  
e conmigo xoga;  
até que alumeando  
o pinal da aurora,  
rube cara ó ceo  
voa que revoa!

Por eso me río  
cando meiga fóra!  
a xente do mundo  
que di que está corda  
marmura ó toparme:  
Probiña da tola!



## 15

### A espada Escalibor

Caerleón, a cibdade das pedras milenarias  
ergueitas polos dioses vencidos das pregarías,  
a do ferro batido por varudos guerreiros  
ás proféticas voces de osiánicos trobeiros,  
a cibdade dos nobres, raciaes prestixios,  
bicada do misterio, frorecida en prodixios,  
onde as místicas forzas dunha espranza e dun sono  
apiñando unha raza son asento dun trono,  
afundida na sombra salaia latexante  
ó arrollo do Uska fervente e resoante,  
mentras voa, caíndo, a neve silenzosa  
en folerpas miúdas como follas de rosa.

Mediou a noite sagra da festa do Nadal  
e o xentío enche a nave da vella catedral.

É o pobo que, levado das iras do Destiño  
seguindo o rumbo fúlxico do sol no seu camiño,  
tramontando da Europa as fragorosas serras  
desde os castros azúes e as verdecentes terras  
das fontes do Danubio, inquedado, esitante,  
atavesou a canle do bravo mar de Atlante  
e arribou ós rochedos que o misterio druída  
siñalara por lindes da terra prometida,

da terra en que repousa aafiando as espadas  
para as novas, bariles e sangrentas xornadas;  
que os gaélicos bardos das arpas armoñosas  
xa anunciaron os tempos das loitas fazañosas.

Mediou a noite sagra da festa do Nadal  
e fulxe baixo a neve a vella catedral.

Polos longos vidrales e os outos rosetóns,  
cos brados pregadores de salmos e oracións  
a luz saíndo a feixes, en fíos e lampadas,  
aloumiña as imaxes no tímpano labradas,  
esténdese nos lenzos das paredes espidas,  
doira entallas e follas nas colunas froridas,  
fai brincar os reflexos dos forxados de aceiro  
nos cornos e nas poutas das gárgolas do aleiro,  
encende as verderroibas cristaiñas adoadas  
que dos santos de pedra esmaltan as coroas,  
en regos lumiosos as cornisas percorre  
e alongando as raiolas rube á outura da torre.

Toda luz de miragro e pregante rumor,  
cuberta de folerpas, a casa de El Señor  
ergueita no albo circo da longa escalinata  
semella un cáliz de ouro baixo un cendal de prata.  
Estalan con barbordo de trunfadores hinos  
no esguío campanario os atronantes sinos,  
e os tanguidos de gloria van decindo no vento  
a nova redentora do santo nacimiento.

A bradar sai do tempro a grea relixiosa  
e, súpeto, detense pasmada e silenzosa.  
Namentras as campanas voltexan na outa torre,  
a xente, inqueda, sinte que polo adro corre

un resprandor vermello de encantamento sagro  
e escoita a voz que zoa nas horas de miragro.

Nun nimbo luminoso surge o bardo adiviño,  
envolveito en brancuras recedentes de liño,  
ollos gazos, profundos, longa barba frorida,  
cingue a fronte coas hedras da coroa druída  
e na man, que reloce como un lirio bendito,  
ten a fouce de ouro do litúrxico rito;  
a fouce segadora da mandrágora, ó raio  
de feitizo e de agoiro dos luares de Maio.

É Merlín o profeta, o celta armoricán  
dos silfos e das lumias ollado por irmán,  
sabidor dos encantos e os máxicos conxuros,  
das virtudes das herbas e dos fados escuros,  
que nos craros dos bosques e os baixíos costeiros  
deprende o diviño linguaxe dos luceiros;  
o bardo das edades, o da segreda cencia  
que a terra fixo súa, impóndolle obediencia  
ás ágoas da riada, ós rochedos do cume,  
ás nubes da tromenta, á ardentía do lume.

Impoñente, amostrando nativa maxestade,  
na mirada un sereo craror de eternidade,  
ten ós pés, –cruz de ouro, folla núa afiada–,  
sobre o manto da neve unha fúlxida espada.  
Aceiro puro e virxe das entrañas da terra,  
cos lumes sideraes das estrelas en guerra  
nas fragas treboantes dos lóstregos forxado,  
que no dolmen batido e no Xordán temprado,  
foille dado a unha raza de homes sans e valentes,  
cabeceira de pobos, guiadora de xentes,

para impor unha crenza, sinalando o camiño  
que por riba dos tempos leva ó trunfo diviño.

Ergueito como o pino que as outas nubes fende,  
os brazos sarmentosos o bardo ós ceos tende,  
e escóitase na noite solene resoar  
a súa voz bruante, sonora como o mar:

Baixo a dozura do ceo  
da nobre Galicia irmán,  
onde pola nosa gloria  
inda doirando o fogar  
vive aceso o lume sagro  
dos craros días do clan,  
hai unha illa encantada  
de rochedos de coral,  
esmeralda verdegaia  
ó resprandor do luar,  
bicada de manseliñas  
ágoas de limpo cristal  
nas que as sirenas ensaian  
seu namorante cantar  
mentras os pinos lanzales  
escoitan voces leviáns  
que chegan esmorecidas  
do misterio de alén mar.

Amada dos vellos dioses,  
mortos e esquecidos xa,  
que Sálvora lle chamaron  
afeitos nela a topar  
repouso doce e tranquíu  
de celestiaes afáns,  
inda está tendida a escada

que baixa do ceo ó chan  
envolveita e recuberta  
de bretemoso cendal  
feito de rendas garnidas  
por diviños teceláns.

Nunha furna que galgantes  
zarran as ondas do mar,  
apreixada nas firentes  
poutas dun aguia reial,  
gardada por un dragón  
de alento que é solimán,  
brilaba a fúlxida espada  
Escalibor, o trunfal  
aceiro da heroica idade  
cantada por Osián,  
que ten de ser sobre a Terra  
ergueita en céltigas mans,  
símbolo, florón e escudo  
da Cruz, do Amor e da Paz.

De beixos de Taliensín  
honra da raza de Celt,  
que na devesa dos bardos  
por seu herdeiro me unxeu,  
fóronme ditas as verbas  
de encantamento e poder  
con que a inorada ribeira  
de areas de ouro alcancei.

Aberta a furna segreda,  
á hora do estrelecer  
na arpa das nove cordas  
a liberdade preguei

do pobo por Dios chamado  
o seu lábaro a soster.  
Ardendo en chamas vermellas  
o dragón morto caie.  
E o aguia, de azas abertas  
ras do escumoso ferver  
das verdes ágoas, voando  
foise perdendo no alén.

Como raiola da lúa,  
cravado en terra, a tremer,  
ficou o máxico aceiro  
que está tendido ós meus pés.  
Baleiro o céltigo trono,  
o Ceo disposto ten  
que, seia nobre ou pecheiro  
o que a espada poida erguer,  
en trunfo e gloria da raza  
cinga a coroa de Rei.

Cando o bardo profeta recadou en silencio  
foi aberto o xuício e a proba dou comenzo.  
Con esforzo xigante, pola cruz aferrada,  
un a un os máis fortes erguer queren a espada,  
mais vencidos, maltreitos, decaídos na arela  
todos renden o peito sin que alcancen movela.

Alí foron crebados esforzo e poderío  
das ponlas máis louzanas do vello señorío:  
Cumas, a lanza forte de encastelado asento  
na Armórica mariña do ceo neboento;  
Caruth, rubí queimante da caste de Fingal,  
temido por ousado, querido por leial,  
que as frechas voadoras detén o seu camiño

e nos cumes asalta ó aguia no seu niño;  
 o nobre Bedivere, o cabaleiro fiel,  
 forteza de carballo e dozura de mel;  
 Brásidas valeroso, a quen Brigo dou vida  
 na Galicia paterna, de sona escrarecida,  
 loitador a coitelo, sin escudos nin mallas,  
 brazo a brazo, cos osos nos pinales de Xallas.  
 Alí foron, da forza do miragro, rendidos,  
 de Erín a Caledonia os mozos máis ardidos.  
 Incensado, antre os coros, o palio arcebispal  
 adianta pola nave da santa catedral,  
 e cuberto de rendas e de báculo alzado,  
 sobre o peito tremente Xesús crucificado,  
 nos beizos dooridos fervorosa pregaria,  
 o prelado benzoa a espada lexendaria  
 e á beira dela, orante, agarda ó trunfador  
 que a erga en ben da raza e en honra de El Señor.

De novo, os cabaleiros máis bariles e bravos,  
 os máis rudos vilegos e os máis rexos escravos,  
 apreixan con firmeza o máxico mandobre:  
 no circo sobre a neve tendido fica inmobre,  
 mentras, vendo afundirse os seus sonos de gloria  
 e a dos tempos antigos fazañosa memoria,  
 o xentío, febreuto, nun cramor relixioso  
 prega ós ceos o brazo dun heroi miragroso.

Lanzal gallo frorido no tronco da realeza  
 ó par escrarecido no berce e na forteza,  
 o orfo do rei Uther, o príncipe varudo  
 chamado a ser do reino a coluna e o escudo  
 que o albor da máis leda garrida mocidade  
 é espello ledizoso de honor e lealdade,  
 adiántase, e ós ventos o airón enloitado,

o xubón en sinxela fina malla trezado,  
as esporas calzadas, encendido no peito  
o ardor que pon o ceo no unxido e no escolleito,  
sin divisa guerreira nin reforzo de guante  
chega ó circo do sagro craror escintilante,  
apreixa o puño de ouro aceso en resprandores,  
o pensamento en xuro da fe dos seus maiores,  
e alzando á outura a nobre luminosa mirada  
ó pobo axoellado amostra a rexa espada  
que, ergueita docemente, brandea na súa man  
como pruma abalada dun ventiño levián.  
Seguro da diviña e trunfadora axuda  
con brados de ledicia e xentío saúda  
ó forte mozo esgrevio en quen presente o Rei  
que imporá ó mundo enteiro o lábaro e a lei;  
que teñen os da caste baril de Pendragón  
azas fortes de aguia e poutas de león.

A neve, recollendo seus cendales de noiva  
deixou ver das estrelas a fúlxida luz roiba,  
batidos os badales de anxélicos sineiros  
verteron na cibdade soídos milagreiros  
e en honor e louvanza da mística vitoria  
resoou ceo adiante un cántico de gloria.

O príncipe trunfante na catedral é entrado  
e das céltigas xentes novo Rei coroado,  
no entanto que deixando un raio ardente e louro  
na escuridade, aberto pola fouce de ouro,  
o profeta que a verba de Taliensín unxeu  
e a espada defensora da Raza conquireu  
o bardo de ollos gazos e da barba frorida  
desparece en silencio na noite estrelecida.



Rei Artur de ollos pechos nun ensoño diviño  
pide forzas ó ceo para dar co camiño  
e nestora solene de visión sagra e fonda,  
descorridos os velos, veu a Táboa Redonda,  
a lexión trunfadora, a bélica irmandade  
que ten de ser nos séculos blasón da cristiandade.

Cando a espada cinguida e na frente a coroa,  
cubizando sosego, o estrado abandoa  
e na porta dos reises entre os nobres parece,  
linda dona ó seu paso unha rosa lle ofrece.  
Polo doce presente un instante detido  
sinte o neno e sinxelo corazón malferido  
que o Amor, da doncela no brial en axexo,  
enchantoulle na entraña o seu dardo máis rexo.

Lirio de ouro frido no varal miragroso  
do nobre Cournuailles antigo e prestixioso,  
máis belida que as rosas de Sarón ten a cara  
a princesa louriña, a xentil Guanhumara.  
Máis belida que as rosas de Sarón a princesa  
leva a alma en rencores criminaes acesa!

Non darán fror tres veces as campías de Tura  
sin que o trono se vexa anegado en tristura;  
que a vegada de loito e dolor se aveciña  
en que o Rei ten de alzala por señora e raíña,  
e, cinguida a coroa por soberbia arelada,  
a pureza do leito ten de ser enlixada  
da treición de Medraldo, a serpe pezoñenta  
que no furo sombrizo do seu peito adormenta.

Ó vir o día esperta do seu sono a cibdade  
doirada por festeira, ridora craridade.

É unha verde esmeralda o mar raso e tranquíu,  
e vereda de prata son as ágoas do río.

As nubes no hourizonte finxen rendas de seda,  
e ten soes das arpas o rumor da arboreda.

Dende as fontes do Uska, a voar, a voar,  
pola comba do ceo, sobre o espello do mar,  
vese a aguia imperante que na illa encantada  
por mandado segredo tivo a máxica espada,  
e no ar recendente da mañán lumiosa  
vai rubindo, rubindo, feita cruz, maxestosa,  
polo azul diamantino e das nubes encol,  
a fundirse nos ouros entendidos do sol!

## 16

# A rosa de cen follas

### I

Amor, eterna inqueda,  
pon nos meus beizos doídos  
o cáliz da Saudade!

Dáme a diviña tristeza  
da nave que vai sin rumbo  
sobre do mar da incerteza!

Dáme o segredo choído  
de ser roseira sin rosas  
e cantiga sin soído!

Dáme o doce desespero  
de non saber si me quere  
morréndome do que a quero!

Dáme a sagra vaguedade  
de ir tecendo a miña vida  
con soños de eternidade!

II

Para ler estes versos  
que fixen para ti  
abre o teu corazón  
co pensamento en min...  
dáme a túa manciña...  
pecha os ollos... así!

III

Naceume unha fror no peito  
no furo sombrizo e estreito  
crece que dá groria a ver.

É vermella. Foi tinguida  
polo sangue da ferida  
que rachou para nacer!

IV

Era un piniño novo que nacera  
á beira do camiño.  
A roda cantareira  
dun carro campesío  
tumbouno dun tropezo  
e deixouno abatido.

A túa man compasiva  
endereitou o pino  
e cubreulle as raíces  
e escorouno, tremente de agarimo.

(Era unha bocanoite das que fumos  
ouír cantar na fonte o reiseñor...

Ou, que pino lanzal  
era entón noso amor!)

O piniño está forte.  
Creceu que mete medo!  
Até funga un pouquiño  
si o abanea o vento!

Contáronmo os paxaros,  
veciños do rueiro,  
que pasa horas e horas  
bendecendo a túa man e o teu relembro.

(Que roda traicioneira lle dou volta  
a aquel pino lanzal do noso amor?  
Ai! Si souperas...! Inda canta e chora  
no loureiro da fronte o reiseñor...!)

## 17 O fillo de Celt<sup>6</sup>

A tribu ía en precuro  
dunha lonxana terra que soñara,  
na que no había sombra nin escuro,  
onde era a luz eternamente crara,  
limpa, maina e serea.

Tódolos días, ós primeiros raios  
da soave amañecida,  
deixaba as tendas a vagante grea,  
e nunha coita lírica, tecida  
de espranzas e salaios,  
pregaba saudosa,  
acesa do seu soño no ardimento,  
polo encontro da terra lumiosa  
onde atopar cuberta cariciosa,  
repouso mol e solermiño asento.

---

<sup>6</sup> Publicado, primeiro, co título “Colón” e dedicado “A D. Ramón Peinador Vela, con fonda devoción”, en *La Temporada en Mondariz* (10, 17/VII/1924). Posteriormente, tamén en *Galicia* (24/VIII/1924).

Do gran Celt ó comando,  
os guerreiros do clan á descuberta  
e ó seu acougo os vellos, os meniños,  
as mulleres e o gando,  
seguindo ó sol na súa ruta certa,  
rompendo touzas virxes, sin camiños,  
as almas encendidas,  
nos beizos as cancións dos adiviños  
e dos bardos druídas,  
a tribu ía adiantando quedamente  
até que a luz morría no ocidente.

Sempre na nova, incerta lonxanía,  
o roxo sol e a terra que arelaba!  
Mais, viva e nova a espranza cada día  
a tribu camiñaba... camiñaba...!

Xornada tras xornada,  
unha morna mañán de primaveira  
ollou a tribu pola vez primeira  
–pasmada, latexante,  
ateigados os peitos de ledicia–  
a terra ben amada  
que, séculos adiante,  
foi chamada Galicia.

E Celt, o grande Celt, señor e dono  
do pobo viaxeiro e pelegrino,  
vello de idade e canso do traballo,  
fai erguer o seu trono  
á sombra espesa dun lanzal carballo.

Quere tronzar da Raza o duro sino;  
e nun brado doente,  
á celénica xente  
que axoellada ó seu redor abala,  
contra o ceo e os dioses revoltado,  
impóndose ó Destiño, ergueito fala:  
“Nunca o berce do sol será alcanzado!  
A Lúa ten de darvos seu feitizo  
nostálxico e enmeigado,  
e será vosa a brétema que encerra  
no seu seo sombrizo  
a Saudade! Esta é a vosa Terra!”

Tremente, Celt baixou do seu asento  
e espindo a antiga, milagreira espada  
no circo astral dun dolmen de conxuro  
polas mans dun lonxano avó forxada,  
con brazo forte e duro,  
até a cruz do batido empuñamento  
afundeuna no chan.

Ergueuse un vento  
que abateu os chouzales con estrondo,  
e a terra esburacada  
no seu máis irto fondo  
foi fendida e ó longo soparada.

Polo furo, xurdeu o mar bruante  
lanzando ó ceo inxente e inmenso caño  
tromentoso, arrabiado, asoballante,  
que bradando caíeu no aberto laño.

A terra virxe, por demais belida,  
da celénica tribu inda iñorada,



de albas escumas arredor cinguida,  
nas ágoas a ferver ficou vagante,  
e cara ó sol que morre encamiñada,  
paseniño alonxouse mar adiante.

Os séculos levaron a memoria  
do feito miragroso.

A Humanidade  
–sangre, lama, dolor, escuridade–  
vivía ben: vivía sin Historia.

Neto dos netos do gran Celt, un día,  
do Lerz, o sagro río, na ribeira,  
axexa do outo mar a lonxanía,  
coa alma nun ensoño viaxeira,  
garrido mozo de mirar sereo  
que na inquedade dun estrano arrobo,  
ve locir as estrelas doutro ceo  
e soña cos irmáns dun mundo novo.

A tarde esmorecía.

Rizaba maino vento  
o craro espello da azuada ría  
acesa dunha luz de encantamento.

Da Punta dos Burases á Barreira  
do Borrón, dos peiraos,  
nas praias e areales da Moureira  
seguro atraque de emproadas naos,  
a linda Helenes, a xentil cibdade  
dos da Hélade e o Lacio benquerida,  
nova irmán na beleza e maxestade  
das que mirou erguer o sagro Pindo,  
da frebe do traballo estremecida,

e ridente, locindo  
seus mariños tesouros,  
semella, rebulindo,  
un fungador enxame de abesouros.

Os vaixeles esguíos e as pinazas  
gañan o porto coas abertas azas  
das longas brancas velas. En bolina  
chega o fuste de Pedro de Tavares,  
o da quilla lixeira,  
axexador dos tromentosos mares;  
e das postas da Adina,  
de Raxó, Cantoarena e Samieira,  
veñen tras del as dornas pescadoras  
fendendo o mar coas afiadas proas,  
a sardiña bulindo na cadeira.

Fuxeu voando a luz de monte en monte,  
apagáronse os cores do celaxe  
e cabalgou a noite no hourizonte.

De volta dun viaxe,  
polos mares da Irlanda,  
–dezaioito remeiros cada banda,  
tódolos trinta e seis do seu linaxe–  
bota os rizóns ó pé da antiga ponte  
antre a bulla de xente cramorosa,  
o veleiro navío que comanda  
Domingo Fonterosa.

Atracadas no porto están as naos  
de Pedro de Boán, de Xan de Soto,  
de Amaro de Amarante o de Montaos,

o arriscado piloto  
que veu de cabo a cabo a vella Europa;  
e o pendón mariñeiro  
ergueito sobre a popa  
os remos ó compás dun doce canto,  
gaña porto o trincado derradeiro:  
é Xan de Neto, o mestre atalieiro,  
o vigairo máis fiel do “Corpo Santo”.

Ó craror do luar  
a cibdade sosega.  
E alá, medio da ría silenzosa,  
encendeuse a brilar  
a farola de proa de “A Gallega”;  
a caravela sagra e misteriosa  
que un día verá terra alén do mar!

O mozo que axexaba  
os camiños do mar na lonxanía,  
axoellado de dolor choraba  
fonda e segreda coita,  
cando, da noite á donda craridade,  
trasposto ó ceo, escoita  
a voz da Saudade:

“Ti eres, Ti, o unxido e o escolleito!  
O Mar das Trebas, longo e tromENTOSO,  
aberto e ceibe está: gRORIOSO feito  
ten de ser o teu soño miragroso!  
O que Celt desatou contra o Destiño,  
poñendo por valado o fondo mar,  
seguindo sempre ó sol no seu camiño,  
Colón, fillo de Celt, teno de atar!”

## 18

### **Inmolat Deo Patri**

Rende en ofrenda ó Todopoderoso  
o fiel, sinxelo, puro e piadoso  
o froito de máis celmes, escolleito  
no recóndito eixido do seu peito.

Moitos aforran con fervor diñeiros  
pra mantenza de probes mendicantes;  
eu consagro a El Señor iambos lixeiros  
e troqueos rolantes,  
xa que sin dona do ceo e bens do mundo  
ni a Dios teño que dar ni ó xemebundo.  
Dios, endebén, o meu versar estima  
e escoita con bondade a endebre rima.

O dono do casal empoleirado  
arrecada un tesouro  
de trebellos, eiquí e alí espallado:  
relumbra, cirio aceso, a copa de ouro,  
mais non falla o metálico cacharro  
nin a ola de barro.

Bandexas hai de prata e de bo peso  
e ricas pezas de almasí labradas,  
sin que marren por eso  
as en carballo e ulmeiro foradadas.

Calquer cunca é de aprecio si se axusta  
ó servizo do amo da vaseira,  
que ó par enchen a casa as de gran custa  
que as entalladas en levián madeira.

No paterno fogar, carón da entrada,  
a min, como escudela esportillada,  
dáme Cristo un emprego velaíño  
e consinte me acolla a un corrunchiño.

Do Salvador no pazo  
cátame ola de barro na borralla;  
mais acariño o fervoroso azo  
de servilo, siquer unha migalla.

Leve onde leve a senda escurecida,  
soio cobizo a sorte  
de cantar até a morte  
a Cristo, rexidor da nosa vida!

## 19 O craustro

As herbas arrecenden, o sol alabarea,  
as abelliñas fungan, ferve e canta a colmea.  
Mestres de ourivería baten acompasados  
o ouro, a prata, o bronce; con lindos repuxados  
de labra repulida trazan finas arquetas,  
relicarios cubertos de brincos e rosetas,  
ostentorios garnidos de lucia pedraría,  
coroas da groriosa Virxe Santa María,  
lampadarios votivos, follosos candieiros  
e panzudos, voante, ledos botafumeiros.  
Na man mañosa os grafios, sinseles e esmeriles,  
pinzan doirados cobres e brunidos marfiles,  
que esmaltan os prezados, benditos relicarios  
e os broches e cubertas dos evanxeliarios.

Ó par, os brosladores, ó tantán dos teares,  
estofan brocateles e panos dos altares,  
recobren os damascos de rendas primorosas  
nos que trunfan as cruces, as estrelas e as rosas;  
sóbor sedas e sirgos tecen ouros e pratas,  
cenefas de violas e franxas escarlatas,  
e nas capas pluviales, tunicelas e mantos  
recaman os máis leznes azúes e amarantos.

Carpinteiros de trenchas e serras rinchadoras  
envoltos en ulentes virutas voadoras,  
desvastan bidueiros, noceiras e carballos  
que han ser vigas e trabes, estadelas e tallos.  
Mentras voltando fungan as rodas dos torneiros,  
mestres entalladores, pacientes, silandeiros,  
coas gubias riscadoras e os mordentes buriles  
repulen fascistoles, analoxios e atriles  
e en buxos e castaños, gala e fror das madeiras,  
trazan cornisamentos e corales cadeiras.  
Rubindo pola escada da sagra Teoloxía  
o taller é unha fonte de celeste harmonía:  
ánxeles portadores de gloriosas diademas  
cantan doces estrofas de diviños poemas,  
místicas azucenas recenden santidade,  
voa de azas abertas a pomba da Trindade,  
palmas, frechas e rodas din lendas de martirios,  
as vírxenes perviven nos simbólicos lirios  
e os fustes das colunas amostan entrenzadas  
eucarísticas uvas con espigas doiradas.

Martelos tanxedores bouran na ferrería  
e cantan as bigornias e o cortafríos chía;  
bocanadas do fuelle avivecen a frágoa  
e o ferro ó roxo vivo, temperado na ágoa,  
calza legóns e sachas e grades e machados  
e barrotes de verxas e rexas dos arados.

No entanto, no scriptorium, do trafego arredados,  
escribas silandeiros na táboa debruzados,  
mergullados no enlevo dun litúrxico rito,  
ó craror das fiestras abertas ó infinito,  
van fixando nas follas de alisada vitela

con cálamos e puntos e prumas de canela  
os davídicos salmos, os épodos de Horacio,  
as Corónicas fuscas do tromentoso Idacio,  
os hinos de Prudencia, odas de Anacreonte  
de ledicia e dozura inesgotable fonte,  
Terencio con Tibulo e o cantor de Farsalia,  
preceutos frolecidos nos ermos de Tesalia,  
os libros dos tres santos de inmorredoira sona  
Xerónimo, Isidoro e Agustíño de Hipona,  
o amado dos monxes mantuano Virxilio,  
a régoa primixenia de inxente San Basilio  
que levou os ascetas das lauras ó mosterio  
e as cartas atronantes do rudo San Valerio.  
Alí, o copista homilde de áureos antifonarios,  
abrindo para a Hestoria tumbos e cartularios,  
salvando do naufraxio a prezada semente  
da cultura do Lacio, da Hélade e de Oriente  
e esparxindo no mundo a divina Verdade,  
as almas encamiña rumbo da Eternidade;  
el sabe que si guía ó cálamos amor sagro  
miniar un santo libro é semear un agro  
estendendo o prantío dun arbore sempre verde  
de froito que non cae nin se mirra nin perde,  
e ve no seu traballo, cando as outuras fita,  
que cada imaxe en trazo e cada verba escrita  
é unha pasada firme na roita ó pazo eterno  
e un pau ó fogoneiro das caldeiras do inferno.

Sandalias enlamadas, vencidos da canseira,  
as barbas en revolta, cubertos de poeira,  
ollos alumeados nunha visión trunfante,  
revirado o chapeo, a bolsa mendicante  
pendurada á cintura con coirenta baraza,



esguichados das silvas, en bambeo a cabaza  
 no bordón, remendados capisaio e escravina,  
 chega, ó cramor do Ultraia, a grea pelegrina  
 que vén das terras lusas, de mais alén da Galia,  
 das británicas illas, da Armórica, da Italia,  
 dos árdigos desertos, dos páramos en treba  
 dende as fontes do Nilo ás orelas do Neva.  
 Como unha penitente probe, escura, sinxela,  
 fai escada no craustro a groriosa Sabela,  
 a doce Raíña Santa, a das mans caridosas  
 que a esmola das fogazas fixo trocar en rosas,  
 e pasan homildosos ante a grea do pobo  
 Domingo o do Rosario e Francisco o do Lobo.  
 Cramorosas, doídas, devotas multitudumes  
 de almas atromentadas, por fervescentes lumes,  
 coitelos do pecado e visións do outro mundo  
 en degaros de ceo e medos do profundo:  
 Guiadas das estrelas, en roteiro a Sant Iago,  
 contan que non acaban de xornadas de estrago,  
 de roubos e homicidios, de algaras e de estrondos  
 cos mouros na fronteira e nos pasales fondos,  
 as novas recolleitas, ó longo das calzadas,  
 dos que viron a Roma e foron nas Cruzadas,  
 as lendas de miragros e fazañosos feitos  
 que escoitaron con bágoas e trementes os peitos  
 nos mosteiros froridos en vida relixiosa  
 de Cluny, de Limoxes, de Moissac, de Tolosa,  
 e no maino repouso e acolledor abrigo  
 de Leyre, de Cardeña, do Cebreiro e do Orbigo.

Famentos, en cobiza de leitos e xantares  
 entran, roupa en farrapos, chocarreiros xograres  
 de cítola albarana e falas maldicentes

que a ir e vir sin rumbo rodan impenitentes,  
en xoldra decotío, dende un pobo a outro pobo  
con pelexas de ovella e dentamia de lobo;  
e, de máis outo rango, traspasan a soleira  
co desgaire ridente da vida aventureira,  
mestres no decir gaio, segreles cabaleiros  
fror de cortesanía, e garridos trobeiros  
que entoan ledizosas lelías e tenzoes  
do rabel e a zanfona ós harmoñosos soes  
e arrouban o sentido trobando a grande grita  
miragros de Berceo, canzoes do de Hita,  
e saben dos romances de alteirosa arrogancia  
dos rexo carolinxios Doce Pares de Francia,  
o da linda Infantina pasionaria de amores,  
Doña Alda mergullada en choros e cramores,  
a Condessa de Alarcos pedindo prazo ó ceo,  
Brancafror, Conde Claros, Moriana e Froriseo,  
os do heroico Rodrigo de Vivar, o bon Cide  
tan nobre no crebanto como ardido na lide,  
e os que alentan da Lenda Doirada no xoieiro  
e os que inzan as follas do pátreo Romanceiro.

Ó solpor, na hora santa en que ó tanxer dos sinos  
o ceo abrindo as portas deixa escoitar os hinos  
dos anxélicos coros, e a triste Humanidade  
sinte a alma bicada da diviña Saudade,  
de paseniño, a tombos, os carros cantareiros  
baixando corredeiras e rubindo vieiros,  
dos agros, das searas e dos veciños castros  
chegan, acogulados canizos e canastros,  
coas molladas louridas do centeo e do trigo,  
a mélica castaña e o acelmoso figo,  
pois, cando o viridarium coidadoso aparella

e dá vida ó inxerto e ás entenas da abella,  
o monxe é un namorado da terra criadora,  
seu blasón un diviño mandato: *Ora et labora*.

Vén a noite. Do río rube un vento ventíño  
de leviáns aletexos e quentores de niños;  
rumoroso de soes, trai o ventíño vento  
o fungar do rodicio no muíño farturento  
que dá voltas e voltas en contino derrame  
de fariñas albeiras, trunfadoras da fame;  
e nas somas do eirado a columna de fume,  
alastrando as muxicas faiscentes do lume  
que saen da boca ardente e roxiza do forno,  
dinos do pan bendito, doirado, mol e morno;  
do pan, folgo do probe que pasa de camiño,  
e da man tembrorosa do coitado velliño  
que o bica ó recollelo e tatexante reza:  
“San Benito llo pague! El Señor llo agradeza!”

Cando cansa e rendida, tras longa cabalgada,  
na reial abadía rinde a corte xornada,  
resoan baixo os arcos os craríns de alteirosos señores,  
capitáns de mandobre e ergueito airón no casco,  
doncelas da raíña –brial de ouro e damasco–,  
meninas das infantas –nos beizos caraveles–,  
namoradizos, ledos e garridos donceles  
baixo a ollada de graves donas de mato e toca  
–longo rosario ó peito, fiadoras de roca–;  
merinos de outa vara, bufóns cascabeleiros,  
togados do Consello, finchados ballesteiros,  
escravos con alxuba, escudeiros de espora,  
falconeiros de pucho, guantelete e alcandora,  
farautes fachendosos de brosladas dalmáticas,

abades confesores de miradas doumáticas  
e bispos de fervente santidad guerreira  
que levan capa ó coro e pendón á fronteira.

Máis, as mans que souperon agasallar os reises,  
teñen Señor máis outo, conecen outras leises,  
e dunha Santa Régoa, ós diviños mandados  
outros son seus amores, outros son seus coidados.

Na casa impera Cristo e hai nela unha morada  
de soleira sin lindes e porta franqueada:  
alí encontra consolo e quentura de niño  
o que vive en anguria e o que perdeu camiño!  
Alí atopa mantenza e temperado leito  
o leixado da fame, o ferido e maltreito,  
o que recoita a frebe, o miserento eivado,  
o gafo en laceiría e o neno abandonado!

## 20

**O río e as nereidas**

Os regueiros do Meda e do Albela  
 e os rianchos que descen do Oribio  
 ó xuntarse nas agras de Lózara  
 trezaron o río;  
 este río rideiro de Samos  
 que nas laxes rompendo camiño  
 a bulir e furar mato adiante  
 de touza en lameiro, choutando, a rebrincos,  
 apañando pingotas de orballo,  
 zugando nas néboas, bebendo chuviscos,  
 inza o peito e estirándose, a pulos,  
 vai pasando de neno a mociño.

Escoltado das lanzas floraes  
 de ameneiros, sabugos e vídalos,  
 xogando cos seixos, pulindo pelouros,  
 con folgedos saltóns de cabirto,  
 antre o ledó revoos dos paxaros  
 que coas azas rasantes, a guinchos,  
 dos espellos das craras fochancas  
     escachan os vidrios,  
 soerguendo colares e adoas  
 de ouriverdes e albeiros rebrilos,

cando chega do val á campía  
traspasado de sol e soídos,  
arumado de fiunchos e malvas  
vai descendo, a sorrir, paseniño,  
escomenza a trobar nas pontellas  
o rondel do primeiro amorío  
e ás mociñas que levan o gando  
a beber nos relanzos sombrizos  
xa lles runfla chiscándolle os ollos  
e lles lava e lles bica os peíños.

Nos vidros de rocha das furnas segredas  
teitadas de laxes no fondo do leito,  
os gnomos ourives de roxos capuchos,  
de barba en revolta, bigornia e martelo,  
talladores de anelos de embruxo  
ó ruar de lunáticos silfos e máxicos elfos,  
como xoias labraron os pazos  
onde pousan, soñando outros tempos,  
as nereidas que Hesiodo cantara,  
gala un día dos mares helenos,  
envexadas das deusas ciумosas,  
amadas de Xove, bicadas de Eros:  
Evagora, a das rendas sotiles  
roubadas ós liños azúes do ceo;  
Pasitea, a de escamas de nacre  
e dos longos, frotantes cabelos;  
e doce Melite da cauda de ouro,  
timoneira de rumbos incertos,  
e Agané, a das pérolas nidias,  
faiscantes de luz de luceiros.  
Son as roibas, mariñas nereidas

feridas das proas calzadas de ferro  
 das trirremes da lida de Actium  
 que fuxindo do Samos do Exeo  
 polo furo de Calpe saíron  
 en cubiza do Samos gallego.

Nas noites de lúa  
 en que o val vive en morno sosego  
 e o río adormido sonea arrolado  
 por leviáns cantarolas do vento,  
 as nereidas, nevadas de lirios,  
 servidas de longo, locido cortexo  
 de tritóns de buxina e tridente  
 e ondinas con tirsos, coroas e espellos,  
 –tal meninas e paxes da corte  
 en brillante desfile algareiro–,  
 envolveitas en rendas de escumas,  
 ras das ágoas rebulen, descendo  
 ó relanzo, cinguido de pontes  
 e sombrizo e folloso arboredo  
 que bica as paredes na soma enxergadas  
 do inxente mosteiro.

Ó través das lumeiras muraes  
 e a lanterna da eirexa, a bufadas  
 ruben voces coraes, solenes,  
 meloniosas, unxidas de gracia  
 da litúrxica, grave salmodia,  
 da cantiga-oración gregoriana,  
 vagorosa, doída, pregante,  
 que nos ares calados se espalla  
 como o con rolator do cadoiro  
 e o fondo e queixoso bradar da resaca.

Da fondura do mato sombrizo  
sai un agre ecoar de risadas,  
un balbordo de rípidos urros  
de ruxentes ferinos en brama,  
mais, uns anxes, surdindo de leve,  
escorrentan, brandindo caxatas,  
ós trasnos bulreiros e ós faunos peludos  
de cascos fendidos e cornos de cabra  
que con ollo axexante e recoito  
nos furados cañotos se agachan;  
e varean ó vello Sileno que fuxe  
coxitrancos, caíndolle a baba.

Das deusas mariñas ó río acolleitas  
a carne belida de rosa rosada,  
raiolante de luces do Olimpo,  
aboia e recende no raso das ágoas.  
A tal intre, soérguense en pasmo  
dun inoto sentir alumadas:  
polos soes solenes detidas  
como baixo un conxuro de fadas,  
prisioneiras do prácido encanto  
do ritmo voante e as fondas pregarias,  
sin alento, traspostas, escoitan  
con fervor de novicias na craustra;  
e a risada xentílica, ardente,  
nun degaro celeste abafada,  
sentiron no peito  
a cristiana dozura das bágoas!





***Gonzalo López Abente***





## 1

### A furna

Mar bravo, terra bravía,  
forte un, e outra máis forte;  
falades coa valentía  
dos que rin diante da morte.  
Se un se revolve antre escuma  
e nos penedos embiste,  
a outra erguida na bruma  
tranquila os pulos resiste.  
Calquera ao vervos coidara  
que sodes dous enemigos  
que rifades cara a cara,  
a morte e mais sin testigos.  
Pro, eu, que antre vós nacín,  
malia dos vosos enfados,  
de cote xuntos nos vin  
igoal que dous namorados;  
e moitas veces, pro moitas,  
ouvín nos vosos rumores  
en ves do fragor das loitas,  
brandas cantigas de amores.  
Grandes, barudos, xigantes,  
xoguetes da pasión fera,

sodes os firmes amantes  
que enchedes a azul esfera.  
Mar bravo, terra bravía,  
forte un, e outra máis forte;  
falades coa valentía  
dos que rin diante da morte.  
Amador que chega e fala  
parolas doces a eito,  
e amada que escoita e cala,  
e ao amor ábrelle o peito.  
O mar, galán namorado,  
cantando chega astra a orela,  
e nos pés do ben amado  
deixa unha ofrenda sinxela;  
soberba, altiva, a montana  
sinte daquel bico o ardore  
e unha furna abre na entrana  
nun terremoto de amore.  
Ouh, furnas da miña terra  
que abren os bicos do mar,  
decote o misterio berra  
no voso seo un cantar!  
Mar bravo, terra bravía,  
forte un, e outra máis forte;  
falades coa valentía  
dos que rin diante da morte.

## 2

# Muxía

Brandamente deitada no medio da ribeira  
e ollando cara o ceo, acouga silenciosa  
a branca e melancónica e doce compañeira  
dos outos penedás da brava costa nosa.

Tecelana de ensoños, fabrica na almohada  
as randas milenarias dos albos areales  
que treman milagreiros, na mañán encalmada,  
nos reflexos azús dos mariños cristales.

E nos días de inverno, cando a fera tormenta  
desatada en furones enrabexada alenta,  
envolta no mantelo de vaporosa bruma

satisfeita sorríe e soña adormecida  
no leito mol e morno que a i-auga remexida  
ofrécelle con tombos e folerpas de escuma.

### 3

## O meu mar


Unha nube de chumbo a tapar todo o ceu;  
borraxeira e orballo que revoan no ar;  
os inxentes penedos, xa tristes de seu,  
espallando queixumes con dorido fungar;  
os montes envolveitos na brétema sutil;  
e as bocas desdentadas das furnas no cantil.

Escumas, ardentías,  
atruxante balbor,  
e, cal apocalípticas porfías  
de cíclopes, vestiglos e xigantes  
das vellas e varís mitoloxías,  
os ecos trepidantes  
do líquido elemento bruador.

O mar!  
O meu mar!  
O mar que eu vexo,  
nestes días de inverno,  
gris, abalante,  
inquedo, forte e rexo,  
a cólera a roubar do fondo do averno

e a bater nas orelas, escumante  
de rabia e de furore, nun épico loitar!

Este mar que derruba coas paredes das hortas,  
desfaise contra os cons e sobe polos cabos;  
que corre polas rúas ribeiranas e tortas  
antre as casas homildes dos mariñeiros bravos.  
Este mar belicoso que a costa brava asedia,  
que as ondas esnaquiza nunha branca fervenza  
e en escumas de prata no cantil as destrenza...  
é o gran creadore dunha eterna traxedia.







***Victoriano Taibo***





## 1

### **Peneira a vella**

Donde, tremente, leve,  
vén das turmas bailando,  
docemente soñando  
a folerpa da neve.

A terra é azahar,  
enféitana de branco  
porque a queren casar.  
Fanlle as beiras tres mozos:  
o vento, o ceo i o mar.

Cando se casará?  
Casarase no antroido  
ou pola navidá?

O vento ponlle o veo,  
o mar renda graciosa,  
os dous a retesía  
para que ela lles ría,  
a fermosa.

A vella conxenada  
anda a embazarlle ó ceo  
o ollo espreitador, gacio e curvado;

como non ve o veo,  
nin o brandido seo,  
nin os ollos da amada,  
o ceo está encelado.

I a vella toleirona, aduaneira,  
maina, teimosa, leve  
peneira silandeira  
a folerpa da neve  
i as sutís aas belas  
dos anxos, en poeira  
de penas e de estrelas.

I el con quen ha casar?  
Casarase co vento?  
Casarase co mar?

## 2

### Místico amor

Sede de cubizar,  
en qué augas milagreiras se te pode apagar?

Levo o peito vermello como as rosas no maio;  
dame, doce saudade, da túa vida un raio;  
da noite que me envolve, racha o mouro capelo  
c'as sete espadas louras da lus do seteestrello;  
esparxe na miña alma a túa craridade  
i amóstrame a radiosa rúa de eternidade.

Qué brétema vagante sombrexa aquel camiño  
onde a fontela tece o trino cristaiño?

A miña i-alma sinte un gurgullo lonxano  
como o dondo xurrare da armonía dun cano,  
que esbara choutadora ollándose no ceo,  
e vai pola valgada tremente como un seo,  
levando nos seus labios ardencias de ilusión,  
lus dun peito ferido que asenlla un corazón,

Harmonía enmeigada que de lonxe me acena,  
vagaxeira moxena  
dos lares da esperanza, que brila e sobe incerta,  
a perderse no alén como unha rosa aberta,

pra da-los seus ulidos  
en lugares ignotos, por min desconocidos.

Esligado c'a sede, malado, degarante,  
vou polo ermo esterio, sempre camiño adiante,  
sin achar en ningures o manantío amante.


Doce, místico amor,  
qué fonte deita a auga que apaga o teu queimor?

### 3

## Dos labios non te fíes

Dos labios non te fíes porque os labios  
son instrumentos cegos da pasión.  
Foi muito o que te eu quixen, i os indignos,  
saudosos de traición,  
afeitos a beixarte, aínda te lembran  
e fálanche de amor.

I o meu amor morreu, Rosa desfeita,  
nin unha folla garda o corazón.







***Luís Amado Carballo***





*Midi le juste y compose de feux.  
La mer, la mer toujours recommencée!*

Paul Valéry  
*Cimetière marin*

## **1** **Solpor**

Acorado e roibo  
durmíase o día,  
coa testa deitada  
no colo da ría.

As campás beatas  
no ceo bulían  
rezando rosarios  
á Virxen María.

Bogando nas nubens  
cara ó ceo ían  
envoltas nos ouros  
do sol que morría.

Polo mar as velas  
eran folerpiñas,  
que da lúa aberta  
nas ágoas caíran.

Da beira do río  
chegaban cantigas  
choutando nas leiras  
molladas de risas.

Preto do hourizonte,  
estrelas obrizas  
frotaban os ollos  
tirando a perguiza.

E bicando os lonxes  
as foulas ispidas  
o alén nevaban  
de limpas surrisas.

Un outo aturuxo  
voando fuxía.  
E os bosques lonxanos  
noite revertían.

## 2

### Noite mareira

No ébano xélido  
do *skating* da ría,  
voltexando ledas  
esbaraban as luces da vila.

No fío da praia  
as dornas durmidas,  
debruzadas carón da marea  
nun soño de illas.

Nas ponlas do vento,  
o trebón pousado  
era un moucho de negro prumaxo  
que agoira os naufraxios.

Unha lúa verde  
penduraba no mouro silencio  
un longo sorriso  
de esquelete vello.

### 3

## A Candeloria

Na catedral do abrente  
hoxe cásanse os paxaros,  
con nubens de neve e ouro  
está o ceo galanado.

Ficou o día ancorado  
na ría donda do ceo.  
Os roibéns soben no lonxe  
como rosarios de encenso.

O xantar do casamento,  
roibo, na palma da man  
das eiras madrugadoras,  
xa está arranxado no val.

Vai tocando polo campo  
a súa zanfona o rego  
e canta o vento nas farpas  
sonoras dos piñeiros.

O campo as montanas ruzas  
envolve en capa pluvial,  
co hisopo do sol mollado  
dálles a beizón nupcial

Do casebre nugalán  
soben os vivos dos galos  
e na festa desta noite  
estrena un luar o campo.

## 4 O cruceiro

O xesto moncal da pedra  
benzoa o acougo da aldea...

Axiónllanse os camiños  
abrazados ao cruceiro,  
nunha azul eternidade  
de pedra e ceo.

A agonía do solpor  
conmove o planto da terra,  
e a paisaxe presígnase  
con santas cruces de pedra.

A campaña de prata  
do día,  
latexa un *ángelus*  
de epifanía.

E o sol agoniante  
ven a encravarse na cruz,  
abrindo os marelos brazos  
como o salvador Xesús.



## 5 Taberna

Chove fóra. Nas pozas  
aboia a luz do gas.  
Na lameira da rúa  
entérrase un cantar.

Mariñeiros de Anveres,  
de Cork e Rotterdam...  
O acordeón borracho  
fala inglés, alemán...

.....

Na folla do coitelo  
fuxe a luz cal no mar.

## 6

### Nocturno de Burgo Baixo

Ennovelados no fulgor da lúa  
os faroles, nas pozas aluciantes,  
co xesto recadado do asesino  
lavan as longas mans cheas de sangue.

Polas rúas eivadas desprunaba  
a albar riola das fuxidas horas.  
O tempo foi deitarse antre as montanas  
no leito branco e mol das nubens mortas.

No silencio hai un crimen inconfeso,  
a noite ten o corazón fendido;  
dos seus ollos cegados polas tebras  
escoa a vida nun xemer de río.

7  
**S-6**

A súa queixa no brañal  
debuxa con voz de prata  
a fonte, nunha sonata  
no clavecín de cristal,  
e a rente dunha silveira  
monea no violón  
con triste e pesado son  
unha abella aventureira.

Aló, nun souto remoto,  
un grilo ben afinado  
trema un fadiño miñoto  
“muito ben repinicado”,  
e o concertista pin pin  
rebuldante polos matos  
acompañao en pizzicatos  
no seu besgo violín.

O xílgaro máis alá  
con voz de tipre barata  
acomete unha fermata  
de ópera italiá,  
e o cuco no piñeiral

con gran degaranza proba  
na frauta do trinque nova  
toda a escala natural.

Entran “a tempo” facendo  
os piñeiros violinistas  
en compañía dos soístas  
un sentimental crescendo,  
e como na Pastoral,  
ten un canto realista  
de emoción oitocentista  
o rego antre o salgueiral.

## 8 **Calma chicha**

As rúas amarelas  
con perguiza de bois,  
levaban deica ó mar  
quentes feixes de sol

## 9 Beira

O mar, borracho de sol,  
anda a tombos pola praia.  
A montana lavandeira  
bota areales nas augas

## 10

### Outa mar

Sal o fato albar das foulas  
a espallarse polo mar,  
a lúa vainas gardando  
con fidelidá de can.

Encol do berce das ágoas  
está o vento adormecido,  
no ceo morno e cincento  
ficou o día esquencido.

No mar noviño do trinquete  
báñanse as nubens preñadas  
que pra curar mal de andacio  
viñeron dende a montana.

As estrelas pescadoras  
maman o leite do abrente,  
nas cuncas de pau das dornas  
a espuma das velas ferve.

Nas ágoas do amanecer  
a choiva larga o aparello,  
fican pechada-las roitas  
e o mar tornarase cego.

Fuxe o día encol das ágoas  
nas velas do galeón  
que leva a estrela da tarde  
na punta do botalón.

Cabela,abela  
arado e traineira;  
unha polo mar,  
outro pola terra





***Euxenio Montes***





## 1

# Cántiga de espadelada

Vinte nacer, miudiño  
–mamabas na teta no ar.  
Vinte, mozo, namorar  
–campaba a rosa o corpiño.  
Vinte morrer de velliño  
–notario o grilo a testar.  
E por serche fidel, liño,  
aínda te vín namorar.

**2**

**Namoro**

O liño ten unha moza.  
A moza é unha roxa frol.  
A roxa frol non o quere,  
que ama á bolboreta mol.

Viva o liño. Viva a moza.  
Viva a rosa. Viva o sol.

### 3

## Morte

Eí vén o tempo de mazar o liño.  
Eí vén o tempo do liño mazar.  
Eí vén o tempo en que as follas do millo.  
Todas espidas se queiran bañar.

Eí vén o tempo en que as mozas peneiren  
berros en poeira na súa peneira.  
Eí vén o tempo en que traian as noites  
lúas, ó peito, como unha santeira.

Bailan os fusos.

Bailan as rocas.

E as masarocas.

E as espadellas.

Bailan as rocas.

E as espadellas.

E as maus da i-auga.

E as maus das vellas.

## 4 Río

E nin siquera tí, río,  
has de poder ir ó ceo.

Acádate a mar en éxtasis  
pra levarte nun veleiro,  
con dúas nubes por velas  
e co orballo por remo.

Sete cabalos te acadan,  
ensillados polo inverno,  
sete coores por esporas,  
briznas de vento por freno.


Mais nin siquera tí, río,  
has de poder ir ó ceo,  
que eres vento arrepentido,  
que eres terra e non luceiro,  
ensono que soña o mundo  
pra esquencerse que é penedo.

## 5 Adeus

A noite, como un guardia,  
acádanos na esquiña.  
O arbore está calado  
como a túa mau e a miña.

Inxeccións do silencio  
máis doces que a morfina.  
Cosen carnes de sombras  
con mil agullas vivas.

Adeus. Remo no río  
de esas verbas non ditas.  
(Os anxos forman cola  
pra coller o tranvía.)







***Manuel Luís Acuña***





# 1

## Gris

*A Augusto María Casas*

Nin branco nin preto.  
Eso.  
Sin tremores de ríos  
nin badaladas de páxaros.  
Sin ritmo de astros  
nin estraligos de noite medoñenta.  
Sin ouveo de lobos  
cando o vento galga por cómaros e crebadas.  
Sin salaios de arbres  
cando asolagan rosas nos remuíños do solpor.  
Periférico.  
Sin cerne nin miola.  
Chairo.  
Sin apertas de curvas nin adeuses de penedías.  
  
GRIS.

## 2 Aldea

No agro encorou o tempo  
e só camiñan as nubes.

Aldea sono.  
Aldea esquezo.  
No agro dormen as luces.

Noite no corpo e na alma.  
Na alma e no corpo sures.

Fame.  
Frío.  
Fume.

No agro non comen beben  
chocolate nin azucre.

### 3

## Foi, era...

Foi, era...

–Falai baixiño, amantes–.

Meiguice de saudade.

Lelía de benzón.

Ai, amigos!

Abrente, frol, sorriso,

onda, escoma, seo;

esenza –Ceo– na terra,

esenza –Deus– no Ceo.

Foi...

Ai, amigos!

Beixo fecundado

no amor dun chafarís,

ronsel de aas pairantes,

faísca,

bris...

–Falai baixiño, amantes.

## 4 Regueifa

*A Álvaro Cunqueiro*

- lúa      Furafollas  
            Rabisaco  
            Zamezuga  
            Chachabeco.
- vento    Sabida  
            Lagarta  
            Gandaina  
            Subela.
- lúa      Vinte na serra despido,  
            miña nai o que eres feo  
            á buscura de arrangallos,  
            saraganas, neboeiros.
- vento    Vinte na noite espreitando,  
            ora o diaño da gorecha,  
            estrelecían os bicos,  
            arrenegabas de envexa.
- lúa      Eres a morte dos probes,  
            os ricos non che dan creto,

monte arriba, monte abaixo  
andas como can famento.

vento Daste a todos por un coarto,  
a mora real da silveira  
mais o sol, o lindo sol  
non o micas, solermeira.

lúa Eu son a tona das virxes.

vento Eu son a frol dos gaiteiros.

lúa Eu son o pano que enxoita.

vento Eu son a vasoira do ceo.

lúa Asasino da promada.

vento Celestina do poeta.

lúa Sempre a carregar lentura.

vento Sempre e sempre de augafesta.

lúa Contilleiro.

vento Lengoreta.

lúa Picapreitos.

vento Donicela.

## 5 Arela

Colares de bris –orballos–.  
Brincos e aneles –luceiros–.  
Teño o manto azur da lúa  
pra embrullar o teu silenzo.

Ven amiga.

Ouro e luz: arco da vella  
pra vencellar o neboeiro.  
Estazón do teu encontro  
–mozo de cordel o vento–:

Ven amiga.

Teño fías de lembranzas  
e gasa de pensamentos.  
Curar hei a túa anguria  
co vendaxe do meu verso.

Ven amiga.





***Eduardo Blanco Amor***





## 1

# Primavera

Mañáns de tisis Chopin  
todas de rosas cuspidas.  
Recepción das margaridas  
esquezo integral do alén.

Colgan nos arbres sonetos.  
Médranlle á xuvenca os tetos.

## 2

### Descordo

Si o certo é teu amor  
i é cobiza a sospeita  
perdóame.

Si son eu o que fuxe  
i eres ti quen te quedas  
perdóame.

Si é engado teu querer  
e o certo é miña dúbida,  
engádame.

Si para a túa ledicia  
percisas miña anguria,  
engádame.

### 3

## Cantigas a un amor novo

#### I

Teus labios de chuchamel  
frolíronme todo a eito  
e amor noviño, no peito,  
abreume craro ronsel.  
Corazón é caravel  
que adoenta en primaveira.  
Túa manciña, manciñeira,  
cure de curarme del.

#### II

Todos os irtos engados  
diante de ti diron fin,  
e amañeceron en min  
os cantos espriguizados.  
Roibéns de soles mollados  
choveron da túa beleza,  
e mercácheme a tristeza  
con bicos amonedados.

## 4 Sino

Antes que a parolares coas buguinas  
que encovexada teñen a man toda  
na sonora furna da súa entrana;  
e denantes que o circo dos patexos  
–proletarios pallasos da ribeira–  
abrise o tarabelo do teu riso  
–cen metros aniñados na túa gorxa–;  
e denantes que os fúlxidos solpores  
deitasen, con vagar de lapidarios,  
biliscos de ouro antergo  
na pedra azul dos teus céltigos ollos;  
e denantes que as frechas das túas cántigas  
–alporizadas píllaras acesas–  
disparadas dende o arco adoescente  
do teu peito varil,  
percorresen o día e maila noite;  
e denantes que a mágoa, inagardada e soave,  
que priva de vagares e sosegos,  
che afundise a semente que xermola  
do corazón na carne,  
denantes dos denantes  
denantes de ti mesmo e da túa vida

un esgrevio marchar aluarado  
empuxábate ao cerne do teu sino...

Cada mañán un cadaleito acorda,  
pendurado na cruz das alboradas,  
para a xente do mar.  
E, ao aceno do trebón, todos se axuntan  
na acachoadada moura lonxanía,  
i esbaran pola arista do horizonte  
en pausada ringleira,  
nos ombreiros erguidos  
de inxentes vagallóns alucinados.

Antífonas dos cons e das ardencias.

Furan o ar os órgaos do trebón.

No teclado das praias  
a beiramar preludia teu responso...

## 5 Mascato

Ao mar! Ao mar!

Da embarcación no peito  
as sístoles e diástoles dos émbolos  
acompanan o son da túa leducia.

Ao mar! Ao mar!

Un lene vento arpeiro  
zoa en cordas e paus con demora  
e rípalles as guedellas  
ás zugas de pipa do navío.

Ao mar! Ao mar!

Do ferrado chaleque da caldeira  
seu brillante cronómetro de atmosferas  
saca a nao gabanciosa,  
afanada cos acios da partida.

Ao mar! Ao mar!

Eis o mar!

Ouh o mar!

Deuse mascato!

Un anaco de nube  
caeu encol das ágoas



e orgaizado en góndola de pruma,  
súa branca fidalguía  
arrólase no berce dunha foula:  
–heráldica garrida dos peixeiros  
cisne en campo de azús–  
...e de súpeto empula  
unha frechal, irremediable erguida  
e voa en amplos circos vixiando  
seu señorío inqueda  
dos eidos azuados  
donde il xoga mareiras cetrerías:  
miñato das fonduras,  
falcón nas selvas líquidas das escamosas aves.

Deuse mascato!

Eis o páxaro estático, eucarístico,  
que se descolga a plan,  
en asubiante vertical tolicie,  
crebando a doncelez das ondas craras.

Ábrese o mar en círcolos nupciais  
tecéndolle as coroas  
que premien o desfloro fazañoso.  
E polo meio delas  
–cabaleiro pirata–  
surte coberto con arnés perlado,  
cruzada no peteiro,  
limpa daga de prata, unha sardiña...


Ao mar!

Ao mar!

Ao mar!

Eis o mar!

Deuse mascato!





***Xosé Otero Espasandín***





# 1

## Poemas

(Pró libro *Alfabeto*)  
O piloto F. Sendón

### I

O corazón da proa tremen nos hourizontes  
(Tí, sereo, agardabas o bautizo do mar)  
E apertaron os brazos en coiros das olas  
cobizosas, o peito do navío queimado polo sal.

O vento –can amigo– ladraba polas bordas  
i alongaba o pescozo astra o tear–  
araña famenta de costelaciós– i a ribeira  
brincou, xubilosa, o alto mar.

O paxaro sin prumas –nos vidraes do W.  
un estremecemento de saudade– a cibdade  
de calexóns ambiguos e pipas esquencidas,  
foise quedando nun niño de néboas atrás...

Na palma da man da brúxula cazabas rumbos  
vencellos no pantebro dos paus  
e queimabas nas antenas da testa  
unha aventura nun porto de Ultramar...

Adeus –decíanche as nubes degaradas–,  
mariñeiro desposado co mar.

## 2

### Aldea do monte

A luz da alba, luz  
de VII espadas no corazón  
de María: a montana.  
Soio seu é o silencio sin camiños  
coma un can sin dono.  
Queda moi ó fondo,  
no seu tépido da valgada,  
a eirexa cruzada cos amañeceres  
ispido o mastro do campanario.  
Ninguén ten corazón pra rezar  
nin un seo limpo que lle ofrecer  
ó dia nado ás portas do hespicio.  
E os galos comeron as estrelas rezagadas.



***Roberto Blanco Torres***







## 1

# Orballo

Orballo...  
Como vai caíndo,  
sin velo,  
sin sentilo,  
lento,  
como o vestixio platónico das horas,  
como o tempo.  
Orballo da media noite  
sobre a terra endormiñada.  
(A media noite da vida  
cega polo afán de tódolos soles.)

A luz, doente,  
lisiada na máis pura orixe,  
enferma de si mesma,  
escondeuse entre as sombras.  
Sol feito orballo,  
caladiño,  
segredamente  
vai caíndo,  
a borrar a lembranza da luz  
e voltar de novo a alumea-lo mundo.

Orballo...

Na noite silente, profunda, érguese  
o ímpetu esotérico das cousas  
e rega, con inéditos afáns,  
os surcos virxinaes dos misterios telúricos.  
No ar espeutante, con púber ardencia,  
miriadas de ións desperguízanse  
en pulo dinámico.  
Na terra os xermens, en brama de nupcia, axítanse  
con universal balbordo de enerxía,  
de virtús prolíficas aínda ñoradas,  
de forzas prístinas,  
de supernos degoiros.  
Surte do abisal arcano,  
no anhélito do “elan” biolóxico forxando a idea,  
unha orixinal morfoloxía,  
un novo senso,  
unha nova luz e un novo ritmo.

Noite chea, incinta.  
O istinto cósmico  
ensaia nova vida.

## 2 Postulación da ética

### I

Cultivo, xerme vivo  
frol e froito  
na alma;  
xardín subrime,  
con triple amor coidado:  
coscencia,  
dignidade,  
arela de perfeución.

### II

Só pola cultura o home asume,  
en áas por diviño alento inzadas,  
a persoalidade xurdia,  
única, soberana,  
o señoreamento do mundo,  
das forzas cegas, mecánicas,  
das turbulencias istintivas  
e os fracasos ónticos das almas.  
Época que só degoa  
a satisfauzón do corpo,  
ás furias do istinto encadeada,

así medra o indecor e a inxustiza  
así se impón a vileza e a ñoranza,  
así nasce o déspota nos pobos  
–culmiñazón das coleutivas fallas–  
i érguese ovante sobre a inerme turba  
como un César grotesco sobre un cimiterio de almas.

### III

Novas xenerazóns,  
(de narcisismo enfermas)  
espranza da seneutude  
xa da impotencia presa,  
único fulgor na tenebrosa  
conxura que á patria deita  
nunha ergástula de exhomes,  
amade a beleza,  
apreixade a verdade  
con pulo de renacemento.  
Ispire as vosas mentes  
a arte, fonte eterna,  
a estrofa antolóxica,  
a páxina perfeuta.  
Mais cómpre, xenerazón abrente  
pór encol dun andacio de estética  
un ideal de xustiza e liberdade,  
un acento moral, xurdia roseira  
onde froleceron de consumo  
as loitas e as ilusións antergas,  
onde ha frolecer eternamente  
do home e a vida o inmortal poema.



***Fermín Bouza Brey***





## 1

### Lelías ao teu ouvido

O pumariño da noite quer froitificar estrelas.  
O tanxer de ista cantiga é a sinal para alcendelas...

–ai, meu amor!–

...é a sinal para alcendelas.

Agárdanos na ribeira, sob o descordo do mar,  
no seo dos cons, o leito de herbiñas de namorar...

–ai, meu amor!–

...de herbiñas de namorar

As nove ondas do ensono espreitan co seu engado  
pra enguedellar a toleira de ista noite de noivado...

–ai, meu amor!–

...de ista noite de noivado.

Eisí ao fontegal da espranza, antes de que saia o día  
iremos enguedellados catar a fror da auga fría...

–ai, meu amor!–

...catar a fror da auga fría.

Ao alén! que no pumariño madurecen os luceiros;  
nosos dous corazóns beilan tolos nos ledos turreiros,

ai, meu amor!;

no labradío das ondas albea a fror do luar  
lámpada para o teu leito de herbiñas de namorar.

ai, meu amor!;  
si algún malfado nos fire, axotaremos o mal  
a bicos, ou caramiña de un virxe caramiñal...  
–ai, meu amor!–  
...de un virxe caramiñal.



## 2

# Tríades no mar e na noite

A J. M. de la Fuente Bermúdez

Meu navío leva ao vento  
no mastro eterno da noite  
o treu do meu pensamento.

Leda vai a nao  
na proa unha frol:  
a rosa albariña  
do meu corazón.

Amiguiña, crara estrela,  
dáme a aguillada de un bico  
para apurrar a gamela.

Leda vai a nao, *et sic.*

Por navegar ao desvío  
varei a miña chalana  
no teu corazón-baixío.

Leda vai a nao, *et sic.*

Os agros van de ruada.  
Vinde ruar polas ondas  
levarés a herba mollada.

Leda vai a nao, *et sic*.

O faro de Corrubedo  
co seu ollo largasío,  
ai amor, púxome medo,

Leda vai a nao, *et sic*.

Deitouse o mar, foise o vento,  
no mastro da noite albean  
os liños o pensamento.

Leda vai a nao  
a bordo un amor;  
é granada a rosa  
do meu corazón.

### 3

## Teño unha estrela

Esta estrela non se dont vinet  
quin la trae e quin la tine...  
*(Auto de los Reyes Magos)*

Teño unha estrela noviña e campal  
que sabe leer, escribir e contar;

limpa, a miña constelazón  
e léixaa enxebre como o seu corazón;

varre o sarego do meu luar  
e fica albariño como o seu ollar;

beila no meu turreiro sen lecer  
e tórnao ledo como un axouxer;

ten os ollos derramados  
por mollar os meus sonos verdegados;

lávase na amañecida  
no rego da miña vida;

peitéase na alborada  
na fror da miña auga crara,

ínzame o ceo interior  
de luz solene e mol;

e cóntame historias futuras  
xa vellas nas miñas infindas lembranzas,  
por Ela sei das xornadas heroicas e duras  
que agardan a Jacobuslandia!

Teño de noiva unha estrela cordial  
Ai quen como vós, luceiros, soupese leer e medir e contar!

Teño unha estrela, lembranza sen fin,  
que munxe no tempo saudades pra min;

apaña das rosas do meu sentimento  
nas froumas do espazo e nos curros do vento,

é louira como un solpor  
e ispida como unha dor;

nas pandeiradas do ensono  
repenica pra o seu dono...

alcendeuse ao se apagar  
no serán de un Maio ledo  
a esperanza do seu ollar  
nas augas do meu segredo.

Ai, quen como vós, luceiros, soupese leer e medir e contar!

## 4

### Tenzón co malvís amigo

Ei, malvís do choupal dourado,  
ceiba o luceiro do teu cantar  
prendido do serán e do sol-nado,  
na brétema arrandeado,  
de vagariño a brilar!

Prisarás á noite ispida...  
Adomea o herbal de estrelas  
ca túa fouce infinida!

Ei, malvís do choupal neboento,  
enfía as liñas sotils do vento  
na agulla da túa canzón;  
pon coseita a fontenla fresca do pensamento  
ca burga de folía do corazón!

Apáñame ao mar en roda:  
nun desmaio do seu bico  
a xusteza da mar toda!

Ei, malvís do choupal veciño,  
cata na frouma do teu niño  
o froito do Tempo a madurecer...  
Peteira na roda eterna de ise muíño  
que a ti e a min hanos moer!

## 5 Parranda mariñeira

A Ricardo Carballo Calero

Din que unha fror verdegada amañesceu na badía.  
É o meu cachemare, amor, que chegou da Especieiría,  
meu cachemare, louvada!

Cata pra o herbal bolinante que fuxiu de Vilaboa...  
Leva unha salamanquesa de carantoña na proa,  
louvada, meu cachemare!

Tódalas gabias sabugos do máis mesto sabucedo;  
tódolos foques codesos do codesido máis ledos,  
meu cachemare, louvada!


Ven aniñar naquel chouso do masteleiro ambruiño.  
Cando a froita amadureza peteirará no teu niño.  
Louvada, meu cachemare!

A urca vella, moza súa, é como unha veiga aberta:  
ademite aos ventos todos, tódolos ares encerta.  
Meu cachemare, louvada!

Atal é que un aceveiro, atal é que un reboredos,  
polo día moita farra, pola noite moito medo,  
louvada, meu cachemare.

Meu cachemare, louvada, sabe do mao e do bon,  
sabe da pipa da caña e das vagas en cachón.

Meu cachemare, louvada, sabe de ti e mais de min:  
navega todo infinito, coñece todo confín!







***Manuel Antonio***





## 1

# Mariñeiro da ría

Folleou nos vieiros do mar  
insospeitados atlas de estrelas  
e a partitura das maregadas  
que a eslora quer desacompasar.

Atracou outras noites  
ás constelacións artificiais  
das cidades varadas  
dibuxadoras da sorriso  
dos oitavos pecados capitaes.

No seu lírico álbum da Ría  
rubran antípodas decoracións  
O seu remo soneante  
ás vegadas  
sofre un enxerto de nordecía.

Trouxo de cada meridián  
uns ouvidos políglotas  
un novo retrato do *spleem*  
e un taravico tatuado na man.

Nas tardes deitadas ó sol  
o cachimbo saudoso  
vén a follear o xornadario  
interliñado nas follas do rol.

-----  
O serán  
    vainos zugando o sangue  
Hai un ronsel que nos chama  
    S.O.S.  
A cruz dos afogados  
                                no con  
ergue o seu crucificado radiograma.

## 2 Excelsior

		N		
		O		
		S		
	N.W.	Π	N.E.	
		E		
S	I	U	S	E
I	L	E	G	O
S	E	I	E	G
		Y		
	S.W.	A	S.E.	
		M		

Radiograma  
de pirotéinicos instintos  
(piroteinia de resoanzas)  
que polos vieiros dos ecos  
xogarán ós laberintos.

E U S O N !

O meu nome  
acenderá unha estrela nova  
en cada constelación.

### 3

## Poemas do faro II

faro  
faro faro faro  
faro

Os brazos tocos do Faro  
chaman as áas de afora

A hora dalgunha banda  
presíntese que vai vindo

Pero no Faro decote  
outro fracaso decata

Coma si o mañán morrera  
hai na noite un xeito raro

E o agoiro de agora  
camiña infindamente a se  
alongare

faro  
faro faro faro  
...faro...

## 4 A fragata vella

Te-los ollos distantes  
decorados de rostos xoviaes  
que os vellos mariñeiros  
permutaron polos climas antípodas

Levas no leme  
un pulo de brazos tensos  
que retorceron os largacíos  
horizontes do mar

O vento  
atortorando  
desfollou dos velamios  
outonos de mocedades

Mercabas colares circunmeridiáns  
nos bazares de estrelas  
Amarrabas faros dispersos  
co simblador calabrote do ronsel

Floreceches no Mar  
primaveiras amargas  
de foulas e escamallos

Inda que o vento encalme  
tremela nas túas velas  
unha rafega de trasmigracións

Nese teu corazón innumerábel  
tamén enchen e debalan  
as mareas do meu corazón.



## 5

# Os cóbados no barandal

Atopamos esta madrugada  
na gaiola do Mar  
unha illa perdida (I)

Armaremos de novo a gaiola  
Vai a saír o Sol  
improvisado e desourentado

Xa temos tantas estrelas  
e tantas lúas sumisas  
que non caben no barco nin na noite

Xuntaremos paxaros sin xeografía  
pra xogar cas distancias  
das súas áas amplexadoras

E os adeuses das nubes  
mudos e irremediabes

E armaremos unha rede de ronseles  
pra recobrar as saudades  
co seu viaxe feito  
polos oucéanos do noso corazón.

---

(I) O mar adentro é unha illa de auga rodeada de ceo por todas partes.

## 6 Sós

Fomos ficando sós  
o Mar o barco e mais nós

Roubáronnos o Sol  
O paquebote esmaltado  
que cosía con liñas de fume  
áxiles cadros sin marco

Roubáronnos o vento  
Aquel veleiro que se evadeu  
pola corda floxa do horizonte

Este oucéano desatracou das costas  
e os ventos da Roseta  
ourentáronse ao esquenzo

As nosas soedades  
veñen de tan lonxe  
como as horas do reloxe

Pero tamén sabemos a maniobra  
dos navios que fondean  
a sotavento dunha singladura

No cuadrante estantío das estrelas  
ficou parada esta hora:

O cadavre do Mar  
fixo do barco un cadaleito

Fume de pipa                      Saudade

Noite      Silenzo      Frío

E ficamos nós sós  
sin o Mar e sin o barco  
nós.

7

## Guarda de 12 a 4

Envergada nun mastro da Lúa  
agárdanos a meia noite

O sino de proa  
emoveita voz astral  
zarpou bogando despedidas

Estraviáronse os pasos do Mar  
nos vieiros do vento desertor  
E perdeuse pola popa  
desamarrado  
o ronsel

Fómonos trasbordando  
ao cabotaxe das constelacións

Inventores de pseudo continentes  
que imos a descubrir  
esculcamo-las roitas  
balizadas de loceiros

Cun faro na man  
cronometramos o pulso das tormentas  
que predín os semáforos astraes

–Prepárase un naufraxo  
ca ausencia cómplice do Sol!

Vente ventiño do mar  
vente ventiño mareiro  
vente ventiño do mar  
vente noso compañeiro  
(popular)

E as horas a sotavento  
van desviándose de nós

A alba intrusa  
bateu as catro horas  
Era o sino de proa  
que tornaba do Mar

a voz desarbolada  
o velamio frustrado.

## 8 Recalada

Atoparemos no peirán  
as follas evadidas  
do almanaque dos nosos soños

As novas rúas de sempre  
exhibirán o escaparate  
das mesmas noivas inéditas

Fumaremos nas pipas despeitivas  
tódalas transeúntes  
hostilidades mudas

O vaso desbicado noutro porto  
rematarémolo eiquí no mesmo bar  
cabo do mariñeiro desconecido  
que nos repite a mesma  
ubicua sorriso loira

Nos burdeles xa saben  
que a nosa moeda  
ten o anverso de ouro  
e o reverso sentimental

Os ecos imprevistos  
do noso cantar sonámbulo  
apagarán os focos da madrugada

Mañán despertaremos  
na ausencia desta xornada  
Esquivouse unha folla  
do diario efusivo

Eramo-los espeutadores  
na prestidixitación  
dunha hora artificial

## 9 Navy Bar

Este bar ten balances  
E tamén está listo  
pra se facer á vela

Enchéronnos os vaso  
con toda a auga do Mar  
pra compór un cocktail de horizontes

Pendurados das horas  
atlas xeográficos de esperantos  
están sin tradución  
E tatexan as pipas  
co ademán políglota das bandeiras

Ese cantar improvisado  
é o mesmo  
que xa se improvisou nalgues

Quen chegou avisándonos  
desa cita nocturna que temos  
co vento ao NE  
na encrucillada das estrelas apagadas?



Eiquí bebe de incónito  
o Mariñeiro Desconecido  
–sin xeografía nin literatura–  
A noite dos naufraxos  
co seu brazo salvavidas  
aferrará connosco unha vela de chubascos

O vaso derradeiro  
estaba cheo de despedidas

Polas rúas dispersas  
ibamonos fechando  
cada un dentro da súa altamar

No repouso dalgún vaso  
tódalas noites naufraga o Bar.

## 10

### A estrela desconecida

Eu vinte decote acobadada  
naquela fenestra  
–tan a trasmán!  
que penduraches dunha constelación

O horizonte arrincaba cada día  
pra tí  
a folla de almanaque dunha vela

Pero nunca se enmallou  
na falsa rede dos mapas celestes  
a túa loira virxitude  
Cómplice a noite  
engaiolaba o sextante dos mariños  
inxénuas perversións catalogadas

Viúva reiterada de tódolos vinte anos  
que os mariñeiros repiten  
cada volta que afogan  
Endexamais souberon os cadavres sin rumbo  
que tí os amortallabas co teu ollar

Emproáramos a meia noite  
A sotavento da nosa singladura  
vai decote unha nube desarbolada  
Ca súa esponxa de sombra  
borrou para sempre o eu mudo perfil

A alba nova sorprendeunos  
cacheando antre os loceiros  
despedida que se me perdeu.

## 11 Calma de 6 a 8

Na xerfa esbara o Sol  
tras dos ausentes oleaxes  
As velas frouxas  
póstumo rompeolas dos chubascos  
cosen os farrapos con fíos de sol morno

Unha gavota ventrílocua  
peteirando no urro inmorredoiro  
que os afogados deixaron aboyando

O solpor fecharáse  
dentro do mais intauto disco  
As nosas pipas atentas  
acobadadas ao lecer  
Un intre o vapor intruso  
coseu de presa a relinga do horizonte

Alen do mundo  
está o castelo de proa  
Hai un mariñeiro vello  
que ven de volta de tódolos naufraxos  
E trai o fío das aventuras

—non se sabe o remate—

que as dársenas estantías  
viron evadirse a bordo das bric-barcas  
–O capitán Pardeiro  
non afogou  
“Perdeuse” canda o bergantín–

Axustouse a xordina  
largacía coma unha nosa ollada  
a buguina do Mar  
Tremela na mareta levián  
un remorso ou pesadelo  
O navío  
as mans trincadas  
vai borrando cos pés o ronsel

Xa non virá o vento  
porque a noite fechou tódalas portas  
–Esa luz desvelada  
na fenestra da Lúa–

Ao bater a hora imprevista do relevo  
coseu as adoas soltas  
do toque das Trindades  
O ceo foise abuado e friorento  
Todo finou?  
Oh miragre!  
As mesmas estrelas  
aínda están  
aínda están alí.

## 12 Descoberta

Quen fechou esta noite  
a fenestra azul do Mar?

Ese Mar fuxitivo  
de tódalas ribeiras  
Náufrago do neboeiro  
que desviou o rumbo  
dos puntos cardinaes

Ficaron as gavotas  
tres singladuras a sotavento  
Desourentáronse os arroaces  
intrusos e impunes

Hoxe ninguén dá ca relinga  
pra aferrar os panos do horizonte  
E este serán tampouco  
engaiolaremo-lo Sol

O Sol era un paxaro triste  
que se pousaba no penol

## 13 Adeus

Antre a calima  
traspondo o meu ollar  
esquivouse o velamio  
Deixounos a badía  
chea da súa ausencia  
e a mañán sin perspectiva

Agora en terra  
arredado de mín mesmo  
por un oucéano de singladuras  
o vento da Ría  
vai virando a folla de cada emoción

–O Sol indiferente  
Sirena augardentosa dos vapores  
Un retraio de fume  
no rompeolas da paisaxe  
Os engranaxes da grúa  
esmoen a mañán morna–

Debaixo dos meus pasos  
xurde o ronsel da Vila natal  
Ela cos brazos cheos de sono  
teima salvarme dun naufraxo antigo

E os meus ouvidos incautos  
queren dormir no colo  
das cantigas vellas

Eu cacheaba tódolos segredos  
das miñas mans valdeiras  
porque algo foi que se me perdeu no Mar

...alguén que chora dentro de min  
por aquel outro eu  
que se vai no veleiro  
pra sempre  
coma un morto  
co peso eterno de tódolos adeuses.



## 14 Cantar da noite

A meia noite anda de ruada  
Dende a fenestra escoitan as estrelas  
O silencio vai só cas mans no peto  
Despreguizouse o farol que dormía  
e estirou o pescozo pra mellor escoitar

Nin hai ninguén? As mozas da ribeira  
bandexaron cos peixes esa voz  
que aboia agora ingrávida no ar  
A trinta singladuras mar adentro  
eu xa ouvín outra noite esa voz a cantar

Hoxe non cantas tí que canta a noite  
E romperá a chorar na alba xiada  
a probe noite que n´hai quen a escoite.

15

**Esta mañán oitimista**

Esta mañán oitimista  
beila ao redor do Sol  
Eu cacheo na area  
os meus pasos de onte e de mañán  
que atrás e adiante  
levo a perder fóra de min

Esa mensaxe das gavotas  
que nos manda o veleiro  
dende un Algures inouvido...!

Cos meus cotelos  
no horizonte impasíbel  
eu petaba unha interrogación

## 16 Chamada

O vento que arrevoa os meus cabelos  
Alá vai un pensamento  
que alguén

–o vento?

nos veu a levar

O traxe de sombras que nos fai a noite

–Ques vir connosco ao mar?

Hai melfas

–Cando foi melfa o meu corazón?

Esta alba do Mar


que atafega os naufraxos

Hai melfas

O noso corazón

–ese marconi–

a escoitar.





***Álvaro Cunqueiro***





## 1

# Tamén o mar, hoxe

Tamén o mar, hoxe,  
ten a-ialma chea de madurez.  
–Óuveselle a adolescencia  
no vidro do ar  
chea de anacos de vísperas  
e de intactas navegacións escuras–.  
Así. Máis alá. Agora dá sombra:  
Non che doi o canto  
–redondez morna de beixo preciso–  
do sol na sombra?

## 2

### **E cómo doi a luz**

E cómo doi a luz  
–xa de tan branca negra–  
no corazón da mañán.  
Entra en si mesma  
en mareas incertas  
lixreira anque profunda  
simple anque crara.  
E cómo doi o vela  
–xa de tan branca negra–  
sempre no seu sitio  
anque en mudanza sempre!



### 3

## Non coñeces o mar?

Non coñeces o mar?

–Non.

Nin o vento do mar?

–Non.

Quen eres, pois?

–Unha sombra noviña  
recén nascida e núa,  
terra adrento!

## 4

### No sono do cuco novo

No sono do cuco novo  
hai un namoro namoro,  
cu-có de alba lixeira,  
cu-có para o vento tolo.

Ai o noivado do cuco,  
namoro de gaita fina!  
Na romería do sono  
romeiras de follas vivas.

Romeira unha estrela verde,  
romeira unha ra noviña,  
romeira unha frol tremante,  
romeira unha pomba fría.

Veledas de namorar,  
quén as vende, quén as merca?  
Na feira do seu noivado  
o cuco soña de seda.

Ai o noivado do cuco!  
Sono de soñar canciós,  
auga corrente, romeira,  
lindeiros que deixa o sol.

No sono do cuco novo  
hai un namoro namoro,  
romería de vidrados,  
cu-có para o vento tolo.

## 5

### **Hai unha illa louvada**

Hai unha illa louvada  
alá no fonal do mar.  
Ten bois da color do tempo  
e pastoras de cristal.

Ten un río de paxaros  
que desemboca en canción.  
Paxaros mornos de illa  
con os seus niños no sol.

Ten lúa nova e crecente  
e ollos pra dicir ai lá!  
A boca tena pechada  
para vendimas de sal.

E ten un cabelo novo,  
ai amor! qué pelo ten.  
Cheiro profundo de alga  
e sabor limpo de mel.

Hai unha illa louvada  
alá no fonal do mar.  
Navegada de luceiros  
na noite nácelle o van.

## 6

### No niño novo do vento

No niño novo do vento  
hai unha pomba dourada,  
meu amigo!  
Quen poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer  
en frauta de verde olivo.  
Quen poidera namorala,  
meu amigo!

Ten aers de frol recente,  
cousas de recén casada,  
meu amigo!  
Quen poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra  
e andar primeiro de río.  
Quen poidera namorala,  
meu amigo!

7

## **Ven e verás como soñan na mar**

Ven e verás como soñan na mar  
os laranxos e as illas, si a sirea cantar.

Alba é, vai liero!

Tal soña a laranxeira cando canta a sirea  
que de laranxas de ouro ficou a mare chea.

Alba é, vai liero!

Cando a sirea canta, tal vai a nao maior  
que non hai mariñeiro que non morra de amor.

Alba é, vai liero!

Que soñando que morre queira el espertar  
cando canta mansiño a sirea da mar.

Alba é, vai liero!

## 8 Limiar

Eu nascín  
–entre as zocas e os lóstregos  
na metade da noite–  
corenta e sete días despois do primeiro aeroplano.  
Aínda colgaban do aramio da anteguerra todas as  
intactas marabillas inauditas.

Eu traguía os dous meus ollos no seu sitio  
e o meu corpo ezquerdo con áxil xogo indeciso nos cóbados.

Cando eu nascín tan soio a doce cousas lles faltaba  
o nome preciso  
i eu cheguei cun oco nas fronte e na man  
pra atopar a indefinición das súas craridades navegantes.

Todo o meu nacemento foi unha hora nova  
na que houbo que pechar os dormitorios e abrir  
as chimeneas  
pra acenar polas súas perfebas de fume  
os panos enloitados da cociña.

Decatádevos?

## 9 Ela

### POEMA 1

Sabían as cerdeiras o segredo dos seus ouvidos  
cheos do verde puro da acústica das fiestras  
e os xardíns chamábanse polo nome das pombas que  
bebían auga nos seus xurridores.

Ela comenzaba a andar.

En cada ollo nascéralle unha transmigración de avelaiñas,  
e ao marcharse deixaba vocais fortes no seu sitio.

Ela tiña nome de pastor.



## 10 Noivado IV

Noite azul de silencio  
esquina de si mesma  
ouvida polas amables  
galerías da lúa.

Ninguén pensa a lonxana  
malencolía morna  
dos espellos de loito  
dos teus ollos primeiros.

Creciches como donda  
anguria de vidrados  
aramio sin resposta  
do teu sexo solícito.

De unha luz naufragada  
entre roseiras verdes  
fixeche quince anos.  
–Un abano con paxaros.

A noite que non desce  
vóltate a nós agora  
coma ponte sin río  
ou fiestra en terra firme.

Unha estampa de sono  
a túa fábula afoga  
núos os teus cabelos  
de antiga noiva nova.



# ***Federico García Lorca***



# 1

## Madrigal á cibdá de Santiago

Chove en Santiago  
meu doce amor.  
Camelia branca do ar  
brila entebrecida ó sol.

Chove en Santiago  
na noite escura.  
Herbas de prata e de sono  
cobren a valeira lúa.

Olla a choiva pola rúa,  
laio de pedra e cristal.  
Olla no vento esvaído  
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar  
Santiago, lonxe do sol;  
Ágoa da mañán anterga  
trema no meu corazón.

**2**

**Cántiga do neno da tenda**

Bos Aires ten unha gaita  
sobro do Río da Prata,  
que a toca o vento do norde  
coa súa grís boca mollada.  
Triste Ramón de Sismundi!  
Aló, na rúa Esmeralda,  
vasoira que te vasoira  
polvo de estantes e caixas.  
Ao longo das rúas infindas  
os galegos paseiaban  
soñando un val imposibel  
na verde riba da pampa.  
Triste Ramón de Sismundi!  
Sinteu a muiñeira de ágoa  
mentres sete bois de lúa  
pacían na súa lembranza.  
Foise prá beira do río,  
beira do Río da Prata.  
Sauces e cabalos míos  
creban o vidro das ágoas.  
Non atopou o xemido  
malencónico da gaita,

non víu o imenso gaiteiro  
coa boca frocida de alas;  
triste Ramón de Sismundi,  
beira do Río da Prata,  
víu na tarde amortecida  
vermello muro de lama.

### 3

## Noiturnio do adoescente morto

*Imos silandeiros orela do vado  
pra ver o adoescente afogado.*

*Imos silandeiros beiriña do ar,  
antes que ise río o leve pró mar.*

Súa i-alma choraba, ferida e pequena  
embaixo os arumes de pinos e de herbas.

Ágoa despenada baixaba da lúa  
cobrindo de lirios a montana núa.

O vento deixaba camelias de soma  
na lumieira murcha da súa triste boca.

Vinde mozos loiros do monte e do prado  
pra ver o adoescente afogado!

Vinde xente escura do cume e do val  
antes que ise río o leve pró mar!

O leve pro mar de cortiñas brancas  
onde van e vén vellos bois de ágoa.



*Ai, como cantaban os albres do Sil  
sobre a verde lúa, coma un tamboril!*

*Mozos, imos, vinde, aixiña, chegar  
porque xa ise río mo leva pra o mar!*

## 4

### **Danza da lúa en Santiago**

Fita aquel branco galán,  
olla seu transido corpo!

É a lúa que baila  
na Quintana dos mortos.

Fita seu corpo transido,  
negro de somas e lobos.

Nai: A lúa está bailando  
na Quintana dos mortos.

Quen fire potro de pedra  
na mesma porta do sono?

É a lúa! É a lúa  
na Quintana dos mortos!

Quen fita meus grises vidros  
cheos de nubens seus ollos?

É a lúa, é a lúa  
na Quintana dos mortos.

Deixame morrer no leito  
soñando con froles de ouro.

Nai: A lúa está bailando  
na Quintana dos mortos.

Ai filla, co ar do ceo  
vólvome branca de pronto!

Non é o ar, é a triste lúa  
na Quintana dos mortos.

Quen brúa co este xemido  
de imenso boi melancónico?

Nai: É a lúa, é a lúa  
na Quintana dos mortos.

Si, a lúa, a lúa  
coronada de toxos,  
que baila, e baila, e baila  
na Quintana dos mortos!





## Referencias

- Acuña, Manuel Luís (1992): *Firgoas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de Carlos L. Bernárdez e Ramón Nicolás.
- Amado Carballo, Luís (1994): *Poesía galega completa*. [Barcelona]: Sotelo Blanco. Edición de Luís Alonso Girgado.
- Blanco Amor, Eduardo (1980): *Poemas Galegos*. Vigo: Galaxia.
- Blanco Torres, Roberto (1998): *Orballo da media noite*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de Miro Villar.
- Bouza Brey, Fermín (1992): *Nao senlleira*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de Xosé Manuel Enríquez.
- Cabanillas, Ramón (2009): *Poesía galega completa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de Xosé María Dobarro e Xosé Ramón Pena.
- Crecente Vega, Xosé (2002): *Folla Bricia: poesía galega completa*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Edición de Ricardo Polín.
- Cunqueiro, Álvaro (2004): *Poesía 1932-1933*. Vigo: Galaxia.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1994): *Antonio Noriega Varela. Estudo e edición da obra completa*. Lugo: Deputación provincial.
- García Lorca, Federico (1995): *Seis poemas galegos*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago.
- López Abente, Gonzalo (1995): *Antoloxía poética*. A Coruña: Espiral Maior. Edición de Miro Villar.
- Manuel Antonio (2014): *Obra completa: poesía*. A Coruña: Fundación Barrié - Real Academia Galega. Edición de Xosé Luís Axeitos.

- Montes, Euxenio (1984): *Obra en galego*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Otero Espasandín, Xosé (2006): *Obra galega*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Edición de María Cuquejo Enríquez.
- Taibo, Victoriano (2008): *Abicedo: Cabrinfolas*. Santiago de Compostela: Librería Follas Novas. Edición de Armando Requeixo.



